Préstase atención aos elementos transversais plantexados?
Adáptanse as probas aos diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe?
Infórmase ao alumnado dos resultados obtidos nas diferentes probas?
Infórmase ao alumnado dos erros cometidos nas actividades ou probas?
Cal é o grao de coordinación docente?
Tomáronse medidas para atender aos ACNEAE?
Mantívose o contacto coas familias, implicándoas no proceso?
Aproveitáronse os recursos dos que dispón o centro?

Descrición:

Cando falamos de avaliación, o primeiro que se nos ven á cabeza é a avaliación do alumnado, mais non adoitamos ter en consideración a propia práctica docente. O propio Decreto que establece o currículo, no seu artigo 21 de avaliación e promoción, e a orde de 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación, recollen a necesidade de establecer indicadores de logro para avaliar os procesos de ensino e a súa propia práctica docente nas programacións didácticas.

Distinguiremos dous momentos para levar a cabo dita avaliación: durante a UD e ao remate da mesma. Estes dous momentos, teñen a finalidade de obter a información precisa para mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Toda a programación está suxeita a ser revisada con continuidade có obxectivo de adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe aos diferentes ritmos, intereses e necesidades do alumnado. Durante o desenvolvemento das diferentes Unidades Didácticas e ao remate das mesmas, levarase a cabo unha avaliación obxectiva coa finalidade de mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe. Ao remate de cada trimestre, valoráranse os resultados académicos obtidos polo alumnado, a información recollida a través dos indicadores de logro do epígrafe anterior e os datos aportados polo equipo de ciclo nas sesións de avaliación, có gallo de formular propostas de mellora en todos os aspectos da programación (proceso de aprendizaxe, proceso de ensino e a propia práctica docente). Tamén, levaremos un seguimento do desenvolvemento da programación a través da aplicación Proens (modificación de número de sesións, modificación de UD...).

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15015652	CEIP Apóstolo Santiago	Santiago de Compostela	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Educación física	5º Pri.	2	70

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	28
4.2. Materiais e recursos didácticos	29
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	29
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	31
6. Medidas de atención á diversidade	33
7.1. Concreción dos elementos transversais	34
7.2. Actividades complementarias	35
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	36
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	37
9. Outros apartados	38

1. Introducción

O presente documento desenvolve unha programación didáctica para a área de Educación Física en 5º curso de Educación Primaria, realizada en base á Concreción Curricular do centro e tendo en conta o Decreto vixente actual no que se establece o currículo de Educación Primaria.

A área de Educación Física debe fundamentarse na adquisición das capacidades que contribúan ao desenvolvemento persoal e a unha mellor calidade de vida. Ten que dirixirse cara ao coñecemento progresivo da conduta motora e á adquisición de actitudes, valores e normas referentes ao corpo e ao movemento. A área de Educación física ten como finalidade principal a competencia motriz dos alumnos e das alumnas, entendida como un conxunto de coñecementos, procedementos, actitudes e sentimentos que interveñen nas múltiples interaccións que realiza un individuo no seu medio e cos demais e que permite que o alumnado supere os diferentes problemas motrices propostos tanto nas sesións de Educación física como na súa vida cotiá. A competencia motriz, que non está recollida como unha das competencias clave, é fundamental para o logro de diversos fins educativos na Etapa de Educación Primaria: socialización, autonomía, aprendizaxes básicas e mellora das posibilidades expresivas, cognitivas, comunicativas e lúdicas.

Pero a Educación Física non é unha simple aprendizaxe de movementos, senón un camiño cara á educación total que utiliza dito movemento como axente pedagóxico con diversas funcións: de coñecemento, de organización perceptiva, anatómico-funcional, estético-comunicativa, de relación persoal coas demais persoas, agonística, hixiénica, hedonista, de compensación e catártica. Esta área curricular está especialmente indicada para integrar todo tipo de alumnado e resulta idónea de cara á Atención á Diversidade. Debe incidirse na Coeducación e na Igualdade de oportunidades para ambos sexos.

Un dos obxectivos principais debe ser fomentar a adquisición dun estilo de vida activo e saudable que lle permita ao alumnado chegar a consolidar hábitos e, posteriormente, perpetualos ao longo da súa vida. Esos hábitos de vida saudable son a clave para evitar o sedentarismo e a obesidade contribuíndo a ter calidade de vida. Temos que inculcar ao noso alumnado que a actividade física ten que estar no presente e no futuro do seu día a día.

Para abordar con posibilidades de éxito as numerosas situacións motrices ás que se verá exposto o alumnado ao longo da súa vida, será preciso desenvolver de maneira integral capacidades de carácter cognitivo e motor, pero tamén afectivo - motivacional, de relacións interpersoais e de inserción social. Deste xeito, o alumnado terá que aprender a xestionar as súas emocións e as súas habilidades sociais en contextos de práctica motriz.

O alumnado tamén deberá recoñecer diferentes manifestacións da cultura motriz, como parte relevante do patrimonio cultural, expresivo e artístico, que poden converterse en obxecto de gozo e aprendizaxe. Para iso, será preciso desenvolver a súa identidade persoal e social integrando nela as manifestacións máis comúns da cultura motriz, a través dunha práctica vivenciada e creativa.

O desenvolvemento de actitudes comprometidas co medio ambiente e a súa materialización en comportamentos baseados na conservación e na sustentabilidade, asociaranse cunha competencia fundamental para a vida en sociedade, que debe comezar a adoptarse nesta etapa.

*** CARACTERÍSTICAS PSICOEVOLUTIVAS DO ALUMNADO DE 5º DE E. PRIMARIA:

- **Ámbito cognitivo:** están no período de operacións concretas (Piaget), diminución do pensamento egocéntrico e aumento da capacidade de centrarse en máis dun estímulo.
- **Ámbito motor:** comezan a consolidar o seu esquema corporal e a tomar conciencia do seu corpo e do ton muscular. Teñen certa torpeza motora, debido a un rápido crecemento óseo, pode producirse un desaxuste entre a altura e a Forza muscular.
- **Ámbito afectivo-social:** comeza a etapa xenital do desenvolvemento psicosexual. O grupo de iguais comeza a desempeñar un papel moi importante

----- Neste documento recóllese unha programación didáctica flexible, para a área de Educación Física en Educación Primaria que se planifica para levar a cabo no Centro de Educación Infantil e Primaria CEIP Apóstolo Santiago no curso 2023/2024, no que actualmente conviven 3 grupo de EI xunto con 6 de EP, correspondendo un aula por curso. A distribución de alumando por curso é a seguinte:

4ºEI: 21 (11 nenas e 10 nenos)

5ºEI:18 (11 nenas e 7 nenos)

6ºEI:25 (15 nenas e 10 nenos)

- 1ºEP: 25 (14 nenas e 11 nenos)
- 2ºEP: 25 (16 nenas e 9 nenos)
- 3ºEP: 22 (14 nenas e 8 nenos)
- 4ºEP: 17 (7 nenas e 10 nenos)
- 5ºEP: 22 (11 nenas e 11 nenos)
- 6ºEP: 24 (9 nenas e 15 nenos)

*** CONTEXTUALIZACIÓN**

- Centro: CEIP Apóstolo Santiago
- Unidades: 9 (3 en EI e 6en EP)
- Curso: 5º
- Nº alumnos/as: 24 (9 nenas e 15 nenos)
- Contorna: urbana pero non céntrica
- Instalacións: pavillón polideportivo, aula de psicomotricidade, patio exterior, zona verde no exterior
- Xornada escolar: continua (09:00 a 14:00)

O espazo onde se levarán a cabo as sesións de EF será principalmente o pavillón polideportivo, onde se atopa a maior parte do material. Ademais sempre que a actividade e as condicións meteorolóxicas o permitan, se usarán as pistas exteriores así como a zona verde. Puntualmente se subirá á biblioteca, en busca de información sobre algún deporte alternativo, ou para visualizar tácticas e regulamento dalgún deporte. A aula de psicomotricidade con chan acolchado e colchonetas, será un bo lugar para algunhas das sesións.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Adoptar un estilo de vida activo e saudable, practicando regularmente actividades físicas e deportivas e adoptando comportamentos que potencien a saúde física, mental e social, así como medidas de responsabilidade individual e colectiva durante a práctica motriz para interiorizar e integrar hábitos de actividade física sistemática que contribúan ao benestar.			2-5		2-5		3	
OBX2 - Adaptar os elementos propios do esquema corporal, as capacidades físicas, perceptivo-motrices e coordinativas, así como as habilidades e as destrezas motrices, aplicando procesos de percepción, decisión e execución adecuados á lóxica interna e aos obxectivos de diferentes situacións, para dar resposta ás demandas de proxectos motores e de prácticas motrices con distintas finalidades en contextos da vida diaria.			1	3	4-5			
OBX3 - Desenvolver procesos de autorregulación e interacción no marco da práctica motriz, con actitude emprática e inclusiva, facendo uso de habilidades sociais e actitudes de cooperación, respecto, traballo en equipo e deportividade, con independencia das diferenzas etnoculturais, sociais, de xénero e de habilidade dos participantes, para contribuír á convivencia social e ao compromiso ético nos diferentes espazos en que se participa.	1-5				1-3-5	2-3		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Recoñecer e practicar diferentes manifestacións lúdicas, físico-deportivas e artístico-expresivas propias da cultura motriz, valorando a súa influencia e as súas achegas estéticas e creativas á cultura tradicional e contemporánea, para integralas nas situacións motrices que se utilizan regularmente na vida cotiá.		3				3		1-2-3-4
OBX5 - Valorar diferentes medios naturais e urbanos como contextos de práctica motriz, interactuando con eles, comprendendo a importancia da súa conservación desde un enfoque sustentable e adoptando medidas de responsabilidade individual durante a práctica de xogos e actividades físico-deportivas, para realizar unha práctica eficiente e respectuosa coa contorna e participar no seu coidado e mellora.			5			2-4	1-3	

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Inicio de curso	Presentación, recordatorio das normas, do funcionamento da clase, hixiene e das rutinas. Avaliación inicial.	10	2	X		
2	Cooperando	Actividades cooperativas que nos axuden a aprender a traballar en equipo.	10	5	X		
3	Iniciación ao atletismo	Achegamento a modalidade deportiva do Atletismo. Coñecemento e práctica dalgunhas probas como, carreira, relevos, vaías, salto altura, salto lonxitude, lanzamento.	10	10	X		
4	Deportes tradicionais	Practicaremos os 3 deportes tradicionais galegos: Bolos celtas, billarda e Chave. Coñecendo as súa orixe, maneira de xogas, e xeitos de puntuación en competición.	10	6	X		
5	Expresión corporal e dramatizacións	Actividades relaxionadas coa mímica, representacións e comunicación non verbal.	10	5	X		
6	Habilidades motrices básicas 1	Desprazamentos, saltos e xiros.	10	6		X	
7	Habilidades motrices básicas 2	Lanzamentos, recepcións con e sen implementos.	10	8		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
8	Ritmos e bailes.	Traballo do ritmo, percepción e identificación e Creación de composicións individuais, en pequeno e en gran grupo	10	12		X	X
9	Deportes alternativos	Coñecer sen profundidade algúns deportes que se levan a cabo cos materiais alternativos que xa coñecen (Ultimate, Colpbol, Kinball, Skate bottle, Datchball)	10	8			X
10	Orientación	Iniciación á orientación dende o ámbito mais achegado e reducido ao mais amplo. Planos e brúxulas.	10	8			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Inicio de curso	2

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social da actividade física, como paso previo para a súa integración na vida diaria.	Recoñecer os efectos beneficiosos da actividade física desde o punto de vista físico e mental.	TI	100
CA1.2 - Integrar os procesos de activación corporal, dosificación do esforzo, relaxación e hixiene na práctica de actividades motrices, interiorizando as rutinas propias dunha práctica motriz saudable e responsable.	Levar a cabo sistemáticamente o proceso de hixiene corporal ao rematar a actividade física.		
CA1.3 - Identificar e abordar condutas vinculadas ao ámbito corporal, á actividade física e ao deporte que afecten negativamente a saúde e a convivencia, adoptando posturas de rexeitamento á violencia, á discriminación e aos estereotipos de xénero e evitando activamente a súa reprodución.	Identificar e abordar condutas vinculadas ao ámbito corporal, á actividade física e ao deporte que afecten negativamente a saúde e a convivencia.		
CA1.4 - Adquirir hábitos de vida saudables (alimentación equilibrada, hidratación adecuada e actividade física regular) e convertelos en algo perdurable ao longo de toda a vida.	Adquirir hábitos de vida saudables e convertelos en algo perdurable ao longo de toda a vida.		
CA1.5 - Adquirir un progresivo control e dominio corporal, empregando os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira eficiente e creativa e facendo fronte ás demandas de resolución de problemas en situacións motrices diversas transferibles ao seu espazo vivencial.	Adquirir un progresivo control e dominio corporal, empregando os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira eficiente.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Valorar o deporte como fenómeno cultural analizando criticamente os estereotipos de xénero ou capacidade e os comportamentos sexistas que ás veces suceden no seu contexto, rexeitándoos e adoptando actitudes que eviten a súa reprodución no futuro.	Valorar o deporte como fenómeno cultural analizando criticamente e rexeitando os estereotipos de xénero		
CA6.1 - Recoñecer os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social da actividade física, como paso previo para a súa integración na vida diaria.	Recoñecer os efectos beneficiosos da actividade física desde o punto de vista social.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Saúde física: - Efectos físicos beneficiosos do estilo de vida activo. - Impacto dos alimentos ultraprocesados e das bebidas pouco saudables. - Responsabilidade persoal no coidado do corpo. - Saúde social: - Efectos sociais beneficiosos do estilo de vida activo. - Aproximación aos efectos dos hábitos non saudables e influencia na práctica da actividade física. - Saúde mental: - Efectos psicolóxicos beneficiosos do estilo de vida activo. - Respecto e aceptación do propio corpo e do aspecto corporal dos demais. - Normas de uso: a educación viaria desde a actividade física e deportiva. - Coidado e conservación da contorna durante a práctica de actividade física no medio natural e urbano.

UD	Título da UD	Duración
2	Cooperando	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Integrar os procesos de activación corporal, dosificación do esforzo, relaxación e hixiene na práctica de actividades motrices, interiorizando as rutinas propias dunha práctica motriz saudable e responsable.	Levar a cabo sistemáticamente o proceso de hixiene corporal ao rematar a actividade física.		
CA1.5 - Adquirir un progresivo control e dominio corporal, empregando os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira eficiente e creativa e facendo fronte ás demandas de resolución de problemas en situacións motrices diversas transferibles ao seu espazo vivencial.	Adquirir un progresivo control e dominio corporal, empregando os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira eficiente.		
CA1.6 - Convivir mostrando no contexto das prácticas motrices habilidades sociais, diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade, xa sexa de xénero, afectivo-sexual, cultural, de orixe nacional, étnica, socioeconómica ou de competencia motriz, e mostrando unha actitude crítica e un compromiso activo fronte aos estereotipos, ás actuacións discriminatorias e á violencia, con especial fincapé no fomento da igualdade de xénero.	Convivir mostrando no contexto das prácticas motrices habilidades sociais, diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade.		
CA2.1 - Recoñecer os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social da actividade física, como paso previo para a súa integración na vida diaria.	Recoñecer os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social da actividade física.		
CA3.1 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, definindo metas, secuenciando accións, introducindo se é preciso cambios durante o proceso, xerando producións motrices de calidade e valorando o grao de axuste ao proceso seguido e ao resultado obtido.	Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, xerando producións motrices de calidade.	TI	100
CA4.1 - Identificar e abordar condutas vinculadas ao ámbito corporal, á actividade física e ao deporte que afecten negativamente a saúde e a convivencia, adoptando posturas de rexeitamento á violencia, á discriminación e aos estereotipos de xénero e evitando activamente a súa reprodución.	Identificar condutas vinculadas ao ámbito corporal, á actividade física e ao deporte que afecten negativamente a saúde e a convivencia.		
CA4.2 - Aplicar principios básicos de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas a partir da anticipación, axustándoos ás demandas derivadas dos obxectivos motores e á lóxica interna de situacións individuais, de cooperación, de oposición e de colaboración-oposición, en contextos reais ou en simulados de actuación, e reflexionando sobre as solucións obtidas.	Aplicar principios básicos de decisións en situacións lúdicas, xogos e actividades deportivas.		
CA4.3 - Participar en actividades de carácter motor desde a autorregulación da súa actuación, con predisposición, esforzo, perseveranza e mentalidade de crecemento, actuando reflexivamente, xestionando as emocións e expresándoas de forma asertiva.	Participar en actividades de carácter motor desde a autorregulación da súa actuación.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.4 - Respetar as normas consensuadas, así como as regras dos xogos, e actuar desde os parámetros da deportividade e do xogo limpo, recoñecendo as actuacións dos compañeiros e dos rivais.	Respetar as normas e as regras dos xogos, así como actuar con deportividade e xogo limpo		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Saúde social: <ul style="list-style-type: none"> - Aceptación de distintas tipoloxías corporais para practicar, en igualdade, diversidade de actividades físico-deportivas. - Estereotipos corporais, de xénero e competencia motriz. - Saúde mental: <ul style="list-style-type: none"> - Consolidación e axuste realista do autoconceito tendo en conta a perspectiva de xénero. - Respeto e aceptación do propio corpo e do aspecto corporal dos demais. - Utilización adecuada e coidado do material, espazos e instalacións na práctica da actividade física. - Hábitos autónomos de hixiene corporal e postural en accións cotiás. - Uso de ferramentas ou plataformas dixitais. - Prevención de accidentes e lesións nas prácticas motrices: quecemento xeral, dosificación do esforzo e volta á calma. Importancia de respectar as normas de seguridade. Compromiso de responsabilidade cara á seguridade propia e á dos demais. - Actuacións básicas de primeiros auxilios ante accidentes e lesións durante a práctica da actividade física. Posición lateral de seguridade. Conduta PAS (protexer, avisar, socorrer). - Toma de decisións: <ul style="list-style-type: none"> - Adecuación de accións para o axuste espazo-temporal na interacción cos compañeiros en situacións cooperativas. - Elección adecuada das habilidades motrices en situacións de oposición de contacto. - Esquema corporal: <ul style="list-style-type: none"> - Equilibrio estático e dinámico en situacións complexas ou superficies inestables. - Dominio e control motor en situacións complexas e descoñecidas. - Capacidades condicionais: capacidades físicas básicas e resultantes (coordinación, equilibrio e axilidade). - Creatividade motriz: Identificación de estímulos internos ou externos que esixan un reaxuste instantáneo da acción motriz. - Xestión emocional: autoestima, ansiedade e situacións motrices. Estratexias de afrontamento e xestión. - Autonomía e autoconfianza: aumento da autonomía persoal, mellora e afianzamento da confianza en si mesmo e nos demais durante a práctica motriz. - Habilidades sociais: estratexias de traballo en equipo para a resolución construtiva de conflitos nas diversas situacións motrices. - Concepto de fairplay ou xogo limpo.

Contidos
- Identificación e rexeitamento de condutas contrarias á convivencia en situacións motrices (discriminación por cuestións de xénero, de capacidade, de competencia motriz; actitudes xenófobas, racistas ou de índole sexista; abuso sexual ou calquera forma de violencia).

UD	Título da UD	Duración
3	Iniciación ao atletismo	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Convivir mostrando no contexto das prácticas motrices habilidades sociais, diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade, xa sexa de xénero, afectivo-sexual, cultural, de orixe nacional, étnica, socioeconómica ou de competencia motriz, e mostrando unha actitude crítica e un compromiso activo fronte aos estereotipos, ás actuacións discriminatorias e á violencia, con especial fincapé no fomento da igualdade de xénero.	Convivir mostrando no contexto das prácticas motrices habilidades sociais, diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade.	TI	100
CA1.7 - Valorar o deporte como fenómeno cultural analizando criticamente os estereotipos de xénero ou capacidade e os comportamentos sexistas que ás veces suceden no seu contexto, rexeitándoos e adoptando actitudes que eviten a súa reprodución no futuro.	Valorar o deporte como fenómeno cultural analizando criticamente e rexeitando os estereotipos de xénero		
CA2.2 - Integrar os procesos de activación corporal, dosificación do esforzo, relaxación e hixiene na práctica de actividades motrices, interiorizando as rutinas propias dunha práctica motriz saudable e responsable.	Integrar os procesos de activación corporal, dosificación do esforzo, relaxación e hixiene na práctica de actividades motrices.		
CA2.3 - Adoptar medidas de seguridade antes, durante e despois da práctica de actividade física, aplicando actuacións básicas de primeiros auxilios, recoñecendo os contextos de risco e actuando con precaución ante eles.	Adoptar medidas de seguridade antes, durante e despois da práctica de actividade física		
CA2.4 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, definindo metas, secuenciando accións, introducindo se é preciso cambios durante o proceso, xerando producións motrices de calidade e valorando o grao de axuste ao proceso seguido e ao resultado obtido.	Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, xerando producións motrices de calidade.		
CA2.6 - Participar en actividades de carácter motor desde a autorregulación da súa actuación, con predisposición, esforzo, perseveranza e mentalidade de crecemento, actuando reflexivamente, xestionando as emocións e expresándoas de forma asertiva.	Participar en actividades de carácter motor desde a autorregulación da súa actuación.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Aplicar principios básicos de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas a partir da anticipación, axustándose ás demandas derivadas dos obxectivos motores e á lóxica interna de situacións individuais, de cooperación, de oposición e de colaboración-oposición, en contextos reais ou en simulados de actuación.	Aplicar principios básicos de decisións en situacións lúdicas, xogos e actividades deportivas.		
CA3.3 - Adquirir un progresivo control e dominio corporal, empregando os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira eficiente e creativa e facendo fronte ás demandas de resolución de problemas en situacións motrices diversas transferibles ao seu espazo vivencial.	Adquirir un progresivo control e dominio corporal, empregando os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira eficiente e creativa.		
CA4.1 - Identificar e abordar condutas vinculadas ao ámbito corporal, á actividade física e ao deporte que afecten negativamente a saúde e a convivencia, adoptando posturas de rexeitamento á violencia, á discriminación e aos estereotipos de xénero e evitando activamente a súa reprodución.	Identificar condutas vinculadas ao ámbito corporal, á actividade física e ao deporte que afecten negativamente a saúde e a convivencia.		
CA4.4 - Respetar as normas consensuadas, así como as regras dos xogos, e actuar desde os parámetros da deportividade e do xogo limpo, recoñecendo as actuacións dos compañeiros e dos rivais.	Respetar as normas e as regras dos xogos, así como actuar con deportividade e xogo limpo		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Saúde física: - Efectos físicos beneficiosos do estilo de vida activo. - Educación postural en accións motrices específicas. - Responsabilidade persoal no coidado do corpo. - Saúde social: - Deporte profesional: dimensión social. - Aceptación de distintas tipoloxías corporais para practicar, en igualdade, diversidade de actividades físico-deportivas. - Estereotipos corporais, de xénero e competencia motriz. - Saúde mental: - Consolidación e axuste realista do autoconceito tendo en conta a perspectiva de xénero. - Respecto e aceptación do propio corpo e do aspecto corporal dos demais. - Usos e finalidades: catárticos, lúdico-recreativos, competitivos e agonísticos. - Utilización adecuada e coidado do material, espazos e instalacións na práctica da actividade física.

Contidos

- Hábitos autónomos de hixiene corporal e postural en accións cotiás.
- Planificación e autorregulación de proxectos motores: seguimento e valoración durante o proceso e o resultado.
- Prevención de accidentes e lesións nas prácticas motrices: quecemento xeral, dosificación do esforzo e volta á calma. Importancia de respectar as normas de seguridade. Compromiso de responsabilidade cara á seguridade propia e á dos demais.
- Toma de decisións:
- Adecuación de accións para o axuste espazo-temporal na interacción cos compañeiros en situacións cooperativas.
- Esquema corporal:
- Equilibrio estático e dinámico en situacións complexas ou superficies inestables.
- Estruturación espacial, percepción de obxectos e de distancias, orientación, percepción e interceptación de traxectorias, agrupamento-dispersión e transposición.
- Capacidades condicionais: capacidades físicas básicas e resultantes (coordinación, equilibrio e axilidade).
- Iniciación das habilidades motrices específicas asociadas á técnica en actividades físico-deportivas: aspectos principais.
- Autonomía e autoconfianza: aumento da autonomía persoal, mellora e afianzamento da confianza en si mesmo e nos demais durante a práctica motriz.
- Concepto de fairplay ou xogo limpo.
- Identificación e rexeitamento de condutas contrarias á convivencia en situacións motrices (discriminación por cuestións de xénero, de capacidade, de competencia motriz; actitudes xenófobas, racistas ou de índole sexista; abuso sexual ou calquera forma de violencia).

UD	Título da UD	Duración
4	Deportes tradicionais	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Adquirir un progresivo control e dominio corporal, empregando os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira eficiente e creativa e facendo fronte ás demandas de resolución de problemas en situacións motrices diversas transferibles ao seu espazo vivencial.	Adquirir un progresivo control e dominio corporal, empregando os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira eficiente.		
CA1.7 - Valorar o deporte como fenómeno cultural analizando criticamente os estereotipos de xénero ou capacidade e os comportamentos sexistas que ás veces suceden no seu contexto, rexeitándoos e adoptando actitudes que eviten a súa reprodución no futuro.	Valorar o deporte como fenómeno cultural analizando criticamente e rexeitando os estereotipos de xénero	TI	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Adaptar as accións motrices á incerteza propia do medio natural e urbano en contextos terrestres ou acuáticos de forma eficiente e segura, valorando as súas posibilidades para a práctica de actividade física e actuando desde unha perspectiva ecosostible da contorna e comunitaria.	Adaptar as accións motrices á incerteza propia do medio natural e urbano e de forma eficiente e segura.		
CA4.4 - Respetar as normas consensuadas, así como as regras dos xogos, e actuar desde os parámetros da deportividade e do xogo limpo, recoñecendo as actuacións dos compañeiros e dos rivais.	Respetar as normas e as regras dos xogos, así como actuar con deportividade e xogo limpo		
CA4.5 - Convivir mostrando no contexto das prácticas motrices habilidades sociais, diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade, xa sexa de xénero, afectivo-sexual, cultural, de orixe nacional, étnica, socioeconómica ou de competencia motriz, e mostrando unha actitude crítica e un compromiso activo fronte aos estereotipos, ás actuacións discriminatorias e á violencia, con especial fincapé no fomento da igualdade de xénero.	Convivir mostrando no contexto das prácticas motrices habilidades sociais, diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade.		
CA5.1 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, definindo metas, secuenciando accións, introducindo se é preciso cambios durante o proceso, xerando producións motrices de calidade e valorando o grao de axuste ao proceso seguido e ao resultado obtido.	Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, definindo metas, xerando producións motrices de calidade.		
CA5.2 - Participar en actividades de carácter motor, desde a autorregulación da súa actuación, con predisposición, esforzo, perseveranza e mentalidade de crecemento, actuando reflexivamente, xestionando as emocións e expresándoas de forma asertiva.	Participar en actividades de carácter motor desde a autorregulación da súa actuación.		
CA5.3 - Participar activamente en xogos motores e noutras manifestacións artístico-expresivas con arraigamento na cultura propia, tradicional ou actual, así como noutros procedentes de diversas culturas, recoñecendo e transmitindo o seu valor cultural e o seu potencial como espazo xerador de interaccións construtivas entre persoas con orixes diferentes e entendendo as vantaxes da súa conservación.	Participar activamente en xogos motores e manifestacións da cultura propia ou doutras culturas, recoñecendo o seu valor como espazo xerador de interaccións.		
CA5.4 - Valorar o deporte como fenómeno cultural analizando criticamente os estereotipos de xénero ou capacidade e os comportamentos sexistas que ás veces suceden no seu contexto, rexeitándoos e adoptando actitudes que eviten a súa reprodución no futuro.	Valorar o deporte como fenómeno cultural analizando criticamente os estereotipos e os comportamentos sexistas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.2 - Aplicar principios básicos de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas a partir da anticipación, axustándose ás demandas derivadas dos obxectivos motores e á lóxica interna de situacións individuais, de cooperación, de oposición e de colaboración-oposición, en contextos reais ou en simulados de actuación, e reflexionando sobre as solucións obtidas.	Aplicar principios básicos de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Saúde física: - Educación postural en accións motrices específicas. - Saúde social: - Deporte profesional: dimensión social. - Aceptación de distintas tipoloxías corporais para practicar, en igualdade, diversidade de actividades físico-deportivas. - Estereotipos corporais, de xénero e competencia motriz. - Toma de decisións: - Selección de accións en función da contorna en situacións motrices individuais. - Adecuación de accións para o axuste espazo-temporal na interacción cos compañeiros en situacións cooperativas. - Selección de zonas de envío do móbil desde onde sexa difícil devolvelo, en situacións motrices de persecución e de interacción cun móbil. - Capacidades condicionais: capacidades físicas básicas e resultantes (coordinación, equilibrio e axilidade). - Habilidades sociais: estratexias de traballo en equipo para a resolución construtiva de conflitos nas diversas situacións motrices. - Concepto de fairplay ou xogo limpo. - Identificación e rexeitamento de condutas contrarias á convivencia en situacións motrices (discriminación por cuestións de xénero, de capacidade, de competencia motriz; actitudes xenófobas, racistas ou de índole sexista; abuso sexual ou calquera forma de violencia). - Achegas da cultura motriz á herdanza cultural. Os deportes e os xogos tradicionais populares e autóctonos como sinal de identidade cultural. - Coñecemento e execución de bailes e danzas populares de Galicia, de España e do mundo. - Construción e reutilización de materiais para a práctica motriz, fomentando a sensibilización sobre a xeración de residuos. - Realización de actividades físicas no medio natural e urbano. - Coidado e conservación da contorna durante a práctica de actividade física no medio natural e urbano.

UD	Título da UD	Duración
5	Expresión corporal e dramatizacións	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Adquirir un progresivo control e dominio corporal, empregando os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira eficiente e creativa e facendo fronte ás demandas de resolución de problemas en situacións motrices diversas transferibles ao seu espazo vivencial.	Adquirir un progresivo control e dominio corporal, empregando os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira eficiente e creativa.	TI	100
CA3.4 - Reproducir e crear composicións con ou sen soporte musical e comunicar diferentes sensacións, emocións e ideas, de forma estética e creativa, desde o uso dos recursos rítmicos e expresivos da motricidade.	Crear e reproducir composicións que comuniquen sensacións e ideas.		
CA4.1 - Identificar e abordar condutas vinculadas ao ámbito corporal, á actividade física e ao deporte que afecten negativamente a saúde e a convivencia, adoptando posturas de rexeitamento á violencia, á discriminación e aos estereotipos de xénero e evitando activamente a súa reprodución.	Identificar condutas vinculadas ao ámbito corporal, á actividade física e ao deporte que afecten negativamente a saúde e a convivencia.		
CA4.2 - Aplicar principios básicos de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas a partir da anticipación, axustándose ás demandas derivadas dos obxectivos motores e á lóxica interna de situacións individuais, de cooperación, de oposición e de colaboración-oposición, en contextos reais ou en simulados de actuación, e reflexionando sobre as solucións obtidas.	Aplicar principios básicos de decisións en situacións lúdicas, xogos e actividades deportivas.		
CA4.3 - Participar en actividades de carácter motor desde a autorregulación da súa actuación, con predisposición, esforzo, perseveranza e mentalidade de crecemento, actuando reflexivamente, xestionando as emocións e expresándoas de forma asertiva.	Participar en actividades de carácter motor desde a autorregulación da súa actuación.		
CA4.4 - Respetar as normas consensuadas, así como as regras dos xogos, e actuar desde os parámetros da deportividade e do xogo limpo, recoñecendo as actuacións dos compañeiros e dos rivais.	Respetar as normas e as regras dos xogos, así como actuar con deportividade e xogo limpo		
CA4.5 - Convivir mostrando no contexto das prácticas motrices habilidades sociais, diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade, xa sexa de xénero, afectivo-sexual, cultural, de orixe nacional, étnica, socioeconómica ou de competencia motriz, e mostrando unha actitude crítica e un compromiso activo fronte aos estereotipos, ás actuacións discriminatorias e á violencia, con especial fincapé no fomento da igualdade de xénero.	Convivir mostrando no contexto das prácticas motrices habilidades sociais, diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, definindo metas, secuenciando accións, introducindo se é preciso cambios durante o proceso, xerando producións motrices de calidade e valorando o grao de axuste ao proceso seguido e ao resultado obtido.	Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, definindo metas, xerando producións motrices de calidade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Esquema corporal: - Equilibrio estático e dinámico en situacións complexas ou superficies inestables. - Creatividade motriz: Identificación de estímulos internos ou externos que esixan un reaxuste instantáneo da acción motriz. - Xestión emocional: autoestima, ansiedade e situacións motrices. Estratexias de afrontamento e xestión. - Autonomía e autoconfianza: aumento da autonomía persoal, mellora e afianzamento da confianza en si mesmo e nos demais durante a práctica motriz. - Habilidades sociais: estratexias de traballo en equipo para a resolución construtiva de conflitos nas diversas situacións motrices. - Concepto de fairplay ou xogo limpo. - Identificación e rexeitamento de condutas contrarias á convivencia en situacións motrices (discriminación por cuestións de xénero, de capacidade, de competencia motriz; actitudes xenófobas, racistas ou de índole sexista; abuso sexual ou calquera forma de violencia). - Usos comunicativos da corporalidade: comunicación de sensacións, sentimentos, emocións e ideas complexas. - Práctica de actividades rítmico-musicais con carácter expresivo.

UD	Título da UD	Duración
6	Habilidades motrices básicas 1	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Integrar os procesos de activación corporal, dosificación do esforzo, relaxación e hixiene na práctica de actividades motrices, interiorizando as rutinas propias dunha práctica motriz saudable e responsable.	Integrar os procesos de activación corporal, dosificación do esforzo, relaxación e hixiene na práctica de actividades motrices.		
CA2.3 - Adoptar medidas de seguridade antes, durante e despois da práctica de actividade física, aplicando actuacións básicas de primeiros auxilios, recoñecendo os contextos de risco e actuando con precaución ante eles.	Adoptar medidas de seguridade antes, durante e despois da práctica de actividade física	TI	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, definindo metas, secuenciando accións, introducindo se é preciso cambios durante o proceso, xerando producións motrices de calidade e valorando o grao de axuste ao proceso seguido e ao resultado obtido.	Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, xerando producións motrices de calidade.		
CA2.6 - Participar en actividades de carácter motor desde a autorregulación da súa actuación, con predisposición, esforzo, perseveranza e mentalidade de crecemento, actuando reflexivamente, xestionando as emocións e expresándoas de forma asertiva.	Participar en actividades de carácter motor desde a autorregulación da súa actuación.		
CA3.2 - Aplicar principios básicos de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas a partir da anticipación, axustándoos ás demandas derivadas dos obxectivos motores e á lóxica interna de situacións individuais, de cooperación, de oposición e de colaboración-oposición, en contextos reais ou en simulados de actuación.	Aplicar principios básicos de decisións en situacións lúdicas, xogos e actividades deportivas.		
CA3.3 - Adquirir un progresivo control e dominio corporal, empregando os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira eficiente e creativa e facendo fronte ás demandas de resolución de problemas en situacións motrices diversas transferibles ao seu espazo vivencial.	Adquirir un progresivo control e dominio corporal, empregando os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira eficiente e creativa.		
CA3.5 - Adaptar as accións motrices á incerteza propia do medio natural e urbano en contextos terrestres ou acuáticos de forma eficiente e segura, valorando as súas posibilidades para a práctica de actividade física e actuando desde unha perspectiva ecosostible da contorna e comunitaria.	Adaptar as accións motrices á incerteza propia do medio natural e urbano e de forma eficiente e segura.		
CA4.1 - Identificar e abordar condutas vinculadas ao ámbito corporal, á actividade física e ao deporte que afecten negativamente a saúde e a convivencia, adoptando posturas de rexeitamento á violencia, á discriminación e aos estereotipos de xénero e evitando activamente a súa reprodución.	Identificar condutas vinculadas ao ámbito corporal, á actividade física e ao deporte que afecten negativamente a saúde e a convivencia.		
CA4.4 - Respetar as normas consensuadas, así como as regras dos xogos, e actuar desde os parámetros da deportividade e do xogo limpo, recoñecendo as actuacións dos compañeiros e dos rivais.	Respetar as normas e as regras dos xogos, así como actuar con deportividade e xogo limpo		
CA4.5 - Convivir mostrando no contexto das prácticas motrices habilidades sociais, diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade, xa sexa de xénero, afectivo-sexual, cultural, de orixe nacional, étnica, socioeconómica ou de competencia motriz, e mostrando unha actitude crítica e un compromiso activo fronte aos estereotipos, ás actuacións discriminatorias e á violencia, con especial fincapé no fomento da igualdade de xénero.	Convivir mostrando no contexto das prácticas motrices habilidades sociais, diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.6 - Valorar o deporte como fenómeno cultural analizando criticamente os estereotipos de xénero ou capacidade e os comportamentos sexistas que ás veces suceden no seu contexto, rexeitándoos e adoptando actitudes que eviten a súa reprodución no futuro.	Valorar o deporte como fenómeno cultural analizando criticamente os estereotipos e os comportamentos sexistas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Usos e finalidades: catárticos, lúdico-recreativos, competitivos e agonísticos. - Utilización adecuada e coidado do material, espazos e instalacións na práctica da actividade física. - Hábitos autónomos de hixiene corporal e postural en accións cotiás. - Planificación e autorregulación de proxectos motores: seguimento e valoración durante o proceso e o resultado. - Prevención de accidentes e lesións nas prácticas motrices: quecemento xeral, dosificación do esforzo e volta á calma. Importancia de respectar as normas de seguridade. Compromiso de responsabilidade cara á seguridade propia e á dos demais. - Toma de decisións: - Selección de accións en función da contorna en situacións motrices individuais. - Adecuación de accións para o axuste espazo-temporal na interacción cos compañeiros en situacións cooperativas. - Selección de zonas de envío do móbil desde onde sexa difícil devolvelo, en situacións motrices de persecución e de interacción cun móbil. - Elección adecuada das habilidades motrices en situacións de oposición de contacto. - Desmarque e localización nun lugar desde o que constitúa un apoio para os demais en situacións motrices de colaboración-oposición de persecución e de interacción cun móbil. - Esquema corporal: - Equilibrio estático e dinámico en situacións complexas ou superficies inestables. - Estruturación espacial, percepción de obxectos e de distancias, orientación, percepción e interceptación de traxectorias, agrupamento-dispersión e transposición. - Estruturación temporal e espazo-temporal, percepción de duracións, de velocidade, de intervalos, de estruturas e de ritmo. - Dominio e control motor en situacións complexas e descoñecidas. - Capacidades condicionais: capacidades físicas básicas e resultantes (coordinación, equilibrio e axilidade). - Iniciación das habilidades motrices específicas asociadas á técnica en actividades físico-deportivas: aspectos principais. - Creatividade motriz: Identificación de estímulos internos ou externos que esixan un reaxuste instantáneo da acción motriz. - Xestión emocional: autoestima, ansiedade e situacións motrices. Estratexias de afrontamento e xestión. - Concepto de fairplay ou xogo limpo. - Identificación e rexeitamento de condutas contrarias á convivencia en situacións motrices (discriminación por cuestións de xénero, de capacidade, de competencia motriz; actitudes xenófobas, racistas ou de índole sexista;

Contidos
- abuso sexual ou calquera forma de violencia).

UD	Título da UD	Duración
7	Habilidades motrices básicas 2	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Integrar os procesos de activación corporal, dosificación do esforzo, relaxación e hixiene na práctica de actividades motrices, interiorizando as rutinas propias dunha práctica motriz saudable e responsable.	Integrar os procesos de activación corporal, dosificación do esforzo, relaxación e hixiene na práctica de actividades motrices.	TI	100
CA2.3 - Adoptar medidas de seguridade antes, durante e despois da práctica de actividade física, aplicando actuacións básicas de primeiros auxilios, recoñecendo os contextos de risco e actuando con precaución ante eles.	Adoptar medidas de seguridade antes, durante e despois da práctica de actividade física		
CA2.4 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, definindo metas, secuenciando accións, introducindo se é preciso cambios durante o proceso, xerando producións motrices de calidade e valorando o grao de axuste ao proceso seguido e ao resultado obtido.	Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, xerando producións motrices de calidade.		
CA2.6 - Participar en actividades de carácter motor desde a autorregulación da súa actuación, con predisposición, esforzo, perseveranza e mentalidade de crecemento, actuando reflexivamente, xestionando as emocións e expresándoas de forma asertiva.	Participar en actividades de carácter motor desde a autorregulación da súa actuación.		
CA3.2 - Aplicar principios básicos de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas a partir da anticipación, axustándoos ás demandas derivadas dos obxectivos motores e á lóxica interna de situacións individuais, de cooperación, de oposición e de colaboración-oposición, en contextos reais ou en simulados de actuación.	Aplicar principios básicos de decisións en situacións lúdicas, xogos e actividades deportivas		
CA3.3 - Adquirir un progresivo control e dominio corporal, empregando os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira eficiente e creativa e facendo fronte ás demandas de resolución de problemas en situacións motrices diversas transferibles ao seu espazo vivencial.	Adquirir un progresivo control e dominio corporal, empregando os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira eficiente e creativa.		
CA3.5 - Adaptar as accións motrices á incerteza propia do medio natural e urbano en contextos terrestres ou acuáticos de forma eficiente e segura, valorando as súas posibilidades para a práctica de actividade física e actuando desde unha perspectiva ecosostible da contorna e comunitaria.	Adaptar as accións motrices á incerteza propia do medio natural e urbano e de forma eficiente e segura.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Identificar e abordar condutas vinculadas ao ámbito corporal, á actividade física e ao deporte que afecten negativamente a saúde e a convivencia, adoptando posturas de rexeitamento á violencia, á discriminación e aos estereotipos de xénero e evitando activamente a súa reprodución.	Identificar condutas vinculadas ao ámbito corporal, á actividade física e ao deporte que afecten negativamente a saúde e a convivencia.		
CA4.4 - Respetar as normas consensuadas, así como as regras dos xogos, e actuar desde os parámetros da deportividade e do xogo limpo, recoñecendo as actuacións dos compañeiros e dos rivais.	Respetar as normas e as regras dos xogos, así como actuar con deportividade e xogo limpo		
CA4.5 - Convivir mostrando no contexto das prácticas motrices habilidades sociais, diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade, xa sexa de xénero, afectivo-sexual, cultural, de orixe nacional, étnica, socioeconómica ou de competencia motriz, e mostrando unha actitude crítica e un compromiso activo fronte aos estereotipos, ás actuacións discriminatorias e á violencia, con especial fincapé no fomento da igualdade de xénero.	Convivir mostrando no contexto das prácticas motrices habilidades sociais, diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade.		
CA4.6 - Valorar o deporte como fenómeno cultural analizando criticamente os estereotipos de xénero ou capacidade e os comportamentos sexistas que ás veces suceden no seu contexto, rexeitándoos e adoptando actitudes que eviten a súa reprodución no futuro.	Valorar o deporte como fenómeno cultural analizando criticamente os estereotipos e os comportamentos sexistas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Usos e finalidades: catárticos, lúdico-recreativos, competitivos e agonísticos. - Utilización adecuada e coidado do material, espazos e instalacións na práctica da actividade física. - Hábitos autónomos de hixiene corporal e postural en accións cotiás. - Planificación e autorregulación de proxectos motores: seguimento e valoración durante o proceso e o resultado. - Prevención de accidentes e lesións nas prácticas motrices: quecemento xeral, dosificación do esforzo e volta á calma. Importancia de respectar as normas de seguridade. Compromiso de responsabilidade cara á seguridade propia e á dos demais. - Toma de decisións: - Adecuación de accións para o axuste espazo-temporal na interacción cos compañeiros en situacións cooperativas. - Selección de zonas de envío do móbil desde onde sexa difícil devolvelo, en situacións motrices de persecución e de interacción cun móbil. - Elección adecuada das habilidades motrices en situacións de oposición de contacto. - Desmarque e localización nun lugar desde o que constitúa un apoio para os demais en situacións motrices de colaboración-oposición de persecución e de interacción cun móbil. - Esquema corporal: - Estruturación espacial, percepción de obxectos e de distancias, orientación, percepción e interceptación de

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - traxectorias, agrupamento-dispersión e transposición. - Iniciación das habilidades motrices específicas asociadas á técnica en actividades físico-deportivas: aspectos principais. - Creatividade motriz: Identificación de estímulos internos ou externos que esixan un reaxuste instantáneo da acción motriz. - Xestión emocional: autoestima, ansiedade e situacións motrices. Estratexias de afrontamento e xestión. - Concepto de fairplay ou xogo limpo. - Identificación e rexeitamento de condutas contrarias á convivencia en situacións motrices (discriminación por cuestións de xénero, de capacidade, de competencia motriz; actitudes xenófobas, racistas ou de índole sexista; abuso sexual ou calquera forma de violencia).

UD	Título da UD	Duración
8	Ritmos e bailes.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Integrar os procesos de activación corporal, dosificación do esforzo, relaxación e hixiene na práctica de actividades motrices, interiorizando as rutinas propias dunha práctica motriz saudable e responsable.	Integrar os procesos de activación corporal, dosificación do esforzo, relaxación e hixiene na práctica de actividades motrices.		
CA3.1 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, definindo metas, secuenciando accións, introducindo se é preciso cambios durante o proceso, xerando producións motrices de calidade e valorando o grao de axuste ao proceso seguido e ao resultado obtido.	Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, xerando producións motrices de calidade.		
CA3.3 - Adquirir un progresivo control e dominio corporal, empregando os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira eficiente e creativa e facendo fronte ás demandas de resolución de problemas en situacións motrices diversas transferibles ao seu espazo vivencial.	Adquirir un progresivo control e dominio corporal, empregando os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira eficiente e creativa.	TI	100
CA4.1 - Identificar e abordar condutas vinculadas ao ámbito corporal, á actividade física e ao deporte que afecten negativamente a saúde e a convivencia, adoptando posturas de rexeitamento á violencia, á discriminación e aos estereotipos de xénero e evitando activamente a súa reprodución.	Identificar condutas vinculadas ao ámbito corporal, á actividade física e ao deporte que afecten negativamente a saúde e a convivencia.		
CA4.4 - Respetar as normas consensuadas, así como as regras dos xogos, e actuar desde os parámetros da deportividade e do xogo limpo, recoñecendo as actuacións dos compañeiros e dos rivais.	Respetar as normas e as regras dos xogos, así como actuar con deportividade e xogo limpo		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.5 - Convivir mostrando no contexto das prácticas motrices habilidades sociais, diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade, xa sexa de xénero, afectivo-sexual, cultural, de orixe nacional, étnica, socioeconómica ou de competencia motriz, e mostrando unha actitude crítica e un compromiso activo fronte aos estereotipos, ás actuacións discriminatorias e á violencia, con especial fincapé no fomento da igualdade de xénero.	Convivir mostrando no contexto das prácticas motrices habilidades sociais, diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade.		
CA5.1 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, definindo metas, secuenciando accións, introducindo se é preciso cambios durante o proceso, xerando producións motrices de calidade e valorando o grao de axuste ao proceso seguido e ao resultado obtido.	Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, definindo metas, xerando producións motrices de calidade.		
CA5.2 - Participar en actividades de carácter motor, desde a autorregulación da súa actuación, con predisposición, esforzo, perseveranza e mentalidade de crecemento, actuando reflexivamente, xestionando as emocións e expresándoas de forma asertiva.	Participar en actividades de carácter motor desde a autorregulación da súa actuación.		
CA5.5 - Reproducir e crear composicións con ou sen soporte musical e comunicar diferentes sensacións, emocións e ideas, de forma estética e creativa, desde o uso dos recursos rítmicos e expresivos da motricidade.	Crear e reproducir composicións con soporte musical de forma estética e creativa.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Hábitos autónomos de hixiene corporal e postural en accións cotiás. - Planificación e autorregulación de proxectos motores: seguimento e valoración durante o proceso e o resultado. - Uso de ferramentas ou plataformas dixitais. - Prevención de accidentes e lesións nas prácticas motrices: quecemento xeral, dosificación do esforzo e volta á calma. Importancia de respectar as normas de seguridade. Compromiso de responsabilidade cara á seguridade propia e á dos demais. - Toma de decisións: - Adecuación de accións para o axuste espazo-temporal na interacción cos compañeiros en situacións cooperativas. - Esquema corporal: - Equilibrio estático e dinámico en situacións complexas ou superficies inestables. - Estruturación espacial, percepción de obxectos e de distancias, orientación, percepción e interceptación de traxectorias, agrupamento-dispersión e transposición. - Estruturación temporal e espazo-temporal, percepción de duracións, de velocidade, de intervalos, de estruturas e de ritmo. - Capacidades condicionais: capacidades físicas básicas e resultantes (coordinación, equilibrio e axilidade). - Creatividade motriz: Identificación de estímulos internos ou externos que esixan un reaxuste instantáneo da acción

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - motriz. - Xestión emocional: autoestima, ansiedade e situacións motrices. Estratexias de afrontamento e xestión. - Autonomía e autoconfianza: aumento da autonomía persoal, mellora e afianzamento da confianza en si mesmo e nos demais durante a práctica motriz. - Habilidades sociais: estratexias de traballo en equipo para a resolución construtiva de conflitos nas diversas situacións motrices. - Concepto de fairplay ou xogo limpo. - Identificación e rexeitamento de condutas contrarias á convivencia en situacións motrices (discriminación por cuestións de xénero, de capacidade, de competencia motriz; actitudes xenófobas, racistas ou de índole sexista; abuso sexual ou calquera forma de violencia). - Coñecemento e execución de bailes e danzas populares de Galicia, de España e do mundo. - Usos comunicativos da corporalidade: comunicación de sensacións, sentimentos, emocións e ideas complexas. - Práctica de actividades rítmico-musicais con carácter expresivo.

UD	Título da UD	Duración
9	Deportes alternativos	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Adquirir un progresivo control e dominio corporal, empregando os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira eficiente e creativa e facendo fronte ás demandas de resolución de problemas en situacións motrices diversas transferibles ao seu espazo vivencial.	Adquirir un progresivo control e dominio corporal, empregando os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira eficiente.	TI	100
CA2.1 - Recoñecer os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social da actividade física, como paso previo para a súa integración na vida diaria.	Recoñecer os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social da actividade física.		
CA2.2 - Integrar os procesos de activación corporal, dosificación do esforzo, relaxación e hixiene na práctica de actividades motrices, interiorizando as rutinas propias dunha práctica motriz saudable e responsable.	Integrar os procesos de activación corporal, dosificación do esforzo, relaxación e hixiene na práctica de actividades motrices.		
CA2.3 - Adoptar medidas de seguridade antes, durante e despois da práctica de actividade física, aplicando actuacións básicas de primeiros auxilios, recoñecendo os contextos de risco e actuando con precaución ante eles.	Adoptar medidas de seguridade antes, durante e despois da práctica de actividade física		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, definindo metas, secuenciando accións, introducindo se é preciso cambios durante o proceso, xerando producións motrices de calidade e valorando o grao de axuste ao proceso seguido e ao resultado obtido.	Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, xerando producións motrices de calidade.		
CA2.6 - Participar en actividades de carácter motor desde a autorregulación da súa actuación, con predisposición, esforzo, perseveranza e mentalidade de crecemento, actuando reflexivamente, xestionando as emocións e expresándoas de forma asertiva.	Participar en actividades de carácter motor desde a autorregulación da súa actuación.		
CA3.2 - Aplicar principios básicos de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas a partir da anticipación, axustándoos ás demandas derivadas dos obxectivos motores e á lóxica interna de situacións individuais, de cooperación, de oposición e de colaboración-oposición, en contextos reais ou en simulados de actuación.	Aplicar principios básicos de decisións en situacións lúdicas, xogos e actividades deportivas.		
CA4.1 - Identificar e abordar condutas vinculadas ao ámbito corporal, á actividade física e ao deporte que afecten negativamente a saúde e a convivencia, adoptando posturas de rexeitamento á violencia, á discriminación e aos estereotipos de xénero e evitando activamente a súa reprodución.	Identificar condutas vinculadas ao ámbito corporal, á actividade física e ao deporte que afecten negativamente a saúde e a convivencia.		
CA4.4 - Respetar as normas consensuadas, así como as regras dos xogos, e actuar desde os parámetros da deportividade e do xogo limpo, recoñecendo as actuacións dos compañeiros e dos rivais.	Respetar as normas e as regras dos xogos, así como actuar con deportividade e xogo limpo		
CA4.5 - Convivir mostrando no contexto das prácticas motrices habilidades sociais, diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade, xa sexa de xénero, afectivo-sexual, cultural, de orixe nacional, étnica, socioeconómica ou de competencia motriz, e mostrando unha actitude crítica e un compromiso activo fronte aos estereotipos, ás actuacións discriminatorias e á violencia, con especial fincapé no fomento da igualdade de xénero.	Convivir mostrando no contexto das prácticas motrices habilidades sociais, diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade.		
CA4.6 - Valorar o deporte como fenómeno cultural analizando criticamente os estereotipos de xénero ou capacidade e os comportamentos sexistas que ás veces suceden no seu contexto, rexeitándoos e adoptando actitudes que eviten a súa reprodución no futuro.	Valorar o deporte como fenómeno cultural analizando criticamente os estereotipos e os comportamentos sexistas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Saúde física: - Efectos físicos beneficiosos do estilo de vida activo.

Contidos

- Saúde social:
- Deporte profesional: dimensión social.
- Estereotipos corporais, de xénero e competencia motriz.
- Usos e finalidades: catárticos, lúdico-recreativos, competitivos e agonísticos.
- Actitudes consumistas respecto do equipamento. Análise crítica da adquisición de material para a práctica físico-deportiva.
- Utilización adecuada e coidado do material, espazos e instalacións na práctica da actividade física.
- Hábitos autónomos de hixiene corporal e postural en accións cotiás.
- Prevención de accidentes e lesións nas prácticas motrices: quecemento xeral, dosificación do esforzo e volta á calma. Importancia de respectar as normas de seguridade. Compromiso de responsabilidade cara á seguridade propia e á dos demais.
- Toma de decisións:
 - Desmarque e localización nun lugar desde o que constitúa un apoio para os demais en situacións motrices de colaboración-oposición de persecución e de interacción cun móbil.
- Esquema corporal:
 - Estruturación espacial, percepción de obxectos e de distancias, orientación, percepción e interceptación de traxectorias, agrupamento-dispersión e transposición.
 - Dominio e control motor en situacións complexas e descoñecidas.
 - Iniciación das habilidades motrices específicas asociadas á técnica en actividades físico-deportivas: aspectos principais.
 - Xestión emocional: autoestima, ansiedade e situacións motrices. Estratexias de afrontamento e xestión.
 - Autonomía e autoconfianza: aumento da autonomía persoal, mellora e afianzamento da confianza en si mesmo e nos demais durante a práctica motriz.
- Concepto de fairplay ou xogo limpo.
- Identificación e rexeitamento de condutas contrarias á convivencia en situacións motrices (discriminación por cuestións de xénero, de capacidade, de competencia motriz; actitudes xenófobas, racistas ou de índole sexista; abuso sexual ou calquera forma de violencia).

UD	Título da UD	Duración
10	Orientación	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Adquirir un progresivo control e dominio corporal, empregando os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira eficiente e creativa e facendo fronte ás demandas de resolución de problemas en situacións motrices diversas transferibles ao seu espazo vivencial.	Adquirir un progresivo control e dominio corporal, empregando os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira eficiente.	TI	100
CA2.5 - Aplicar principios básicos de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas a partir da anticipación, axustándoos ás demandas derivadas dos obxectivos motores e á lóxica interna de situacións individuais, de cooperación, de oposición e de colaboración-oposición, en contextos reais ou en simulados de actuación, e reflexionando sobre as solucións obtidas.	Aplicar principios básicos de decisións en situacións lúdicas, xogos e actividades deportivas.		
CA3.1 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, definindo metas, secuenciando accións, introducindo se é preciso cambios durante o proceso, xerando producións motrices de calidade e valorando o grao de axuste ao proceso seguido e ao resultado obtido.	Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, xerando producións motrices de calidade.		
CA4.1 - Identificar e abordar condutas vinculadas ao ámbito corporal, á actividade física e ao deporte que afecten negativamente a saúde e a convivencia, adoptando posturas de rexeitamento á violencia, á discriminación e aos estereotipos de xénero e evitando activamente a súa reprodución.	Identificar condutas vinculadas ao ámbito corporal, á actividade física e ao deporte que afecten negativamente a saúde e a convivencia.		
CA4.3 - Participar en actividades de carácter motor desde a autorregulación da súa actuación, con predisposición, esforzo, perseveranza e mentalidade de crecemento, actuando reflexivamente, xestionando as emocións e expresándoas de forma asertiva.	Participar en actividades de carácter motor desde a autorregulación da súa actuación.		
CA4.4 - Respetar as normas consensuadas, así como as regras dos xogos, e actuar desde os parámetros da deportividade e do xogo limpo, recoñecendo as actuacións dos compañeiros e dos rivais.	Respetar as normas e as regras dos xogos, así como actuar con deportividade e xogo limpo		
CA4.5 - Convivir mostrando no contexto das prácticas motrices habilidades sociais, diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade, xa sexa de xénero, afectivo-sexual, cultural, de orixe nacional, étnica, socioeconómica ou de competencia motriz, e mostrando unha actitude crítica e un compromiso activo fronte aos estereotipos, ás actuacións discriminatorias e á violencia, con especial fincapé no fomento da igualdade de xénero.	Convivir mostrando no contexto das prácticas motrices habilidades sociais, diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade.		
CA6.1 - Recoñecer os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social da actividade física, como paso previo para a súa integración na vida diaria.	Recoñecer os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social da actividade física		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.2 - Aplicar principios básicos de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas a partir da anticipación, axustándose ás demandas derivadas dos obxectivos motores e á lóxica interna de situacións individuais, de cooperación, de oposición e de colaboración-oposición, en contextos reais ou en simulados de actuación, e reflexionando sobre as solucións obtidas.	Aplicar principios básicos de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas.		
CA6.3 - Adaptar as accións motrices á incerteza propia do medio natural e urbano en contextos terrestres ou acuáticos de forma eficiente e segura, valorando as súas posibilidades para a práctica de actividade física e actuando desde unha perspectiva ecosostible da contorna e comunitaria.	Adaptar as accións motrices á incerteza propia do medio natural de forma eficiente, segura e ecosostible.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Saúde física: - Efectos físicos beneficiosos do estilo de vida activo. - Saúde social: - Efectos sociais beneficiosos do estilo de vida activo. - Deporte profesional: dimensión social. - Estereotipos corporais, de xénero e competencia motriz. - Usos e finalidades: catárticos, lúdico-recreativos, competitivos e agonísticos. - Actitudes consumistas respecto do equipamento. Análise crítica da adquisición de material para a práctica físico-deportiva. - Utilización adecuada e coidado do material, espazos e instalacións na práctica da actividade física. - Prevención de accidentes e lesións nas prácticas motrices: quecemento xeral, dosificación do esforzo e volta á calma. Importancia de respectar as normas de seguridade. Compromiso de responsabilidade cara á seguridade propia e á dos demais. - Toma de decisións: - Selección de accións en función da contorna en situacións motrices individuais. - Esquema corporal: <ul style="list-style-type: none"> - Estrutura espacial, percepción de obxectos e de distancias, orientación, percepción e interceptación de traxectorias, agrupamento-dispersión e transposición. - Autonomía e autoconfianza: aumento da autonomía persoal, mellora e afianzamento da confianza en si mesmo e nos demais durante a práctica motriz. - Habilidades sociais: estratexias de traballo en equipo para a resolución construtiva de conflitos nas diversas situacións motrices. - Concepto de fairplay ou xogo limpo.

Contidos

- Identificación e rexeitamento de condutas contrarias á convivencia en situacións motrices (discriminación por cuestións de xénero, de capacidade, de competencia motriz; actitudes xenófobas, racistas ou de índole sexista; abuso sexual ou calquera forma de violencia).
- Normas de uso: a educación viaria desde a actividade física e deportiva.
- Transporte activo e sustentable: bicicletas, patíns, patinetes.
- Construción e reutilización de materiais para a práctica motriz, fomentando a sensibilización sobre a xeración de residuos.
- Realización de actividades físicas no medio natural e urbano.
- Coidado e conservación da contorna durante a práctica de actividade física no medio natural e urbano.

4.1. Concrecións metodolóxicas

En xeral será unha metodoloxía activa, participativa e cooperativa. Creativa evitando estereotipos. Será tamén lúdica e integradora, é dicir, o xogo estará presente en tódalas unidades considerándoo un recurso metodolóxico moi axeitado para a consecución de calquera obxectivo, á vez que fomenta a espontaneidade e a creatividade.

A Educación física terá un carácter eminentemente global e lúdico, convertendo o xogo no contexto ideal para a maioría das aprendizaxes. As estruturas de aprendizaxe cooperativo posibilitarán a resolución conxunta das tarefas e dos problemas, e potenciarán a inclusión do alumnado. Para isto, as técnicas de ensino que se utilizarán serán: o descubrimento guiado, a resolución de problemas, a asignación de tarefas e a reprodución de modelos.

As pautas de actuación nunha sesión tipo están marcadas do seguinte xeito:

- Colocar o seu material (chaqueta, neceser, botella de auga) na grada que escollan.
- Situación nos puntos amarelos (formación círculo con espazo para moverse), para comezar o movemento articular.
- Desenvolvemento dun xogo de pilla como quentamento muscular.
- Desenvolvemento da sesión
- Situación nos puntos amarelos para facer a volta á calma e o análise da sesión.
- Aseo de cara e mans para eliminar a suor, e nos cursos de 4º a 6º cambio de camiseta por outra limpa.

De xeito xeral, o alumnado poderá ir descansar ou beber á súa grada, así como ao baño ou a refrescarse ao exterior do pavillón libremente de xeito individual cando precisen, salvo nos momentos de explicación, nos que todas estaremos no círculo central..

Dende 3º de primaria, poñemos en práctica a dinámica dos "Tribunales deportivos", engadindo funcións e tarefas según van avanzando os cursos. En 5º de primaria, as dúas persoas encargadas, deben desenvolver un quentamento articular guiando ao resto da clase, e escoller e explicar un xogo de quentamento muscular, tamén estará dentro das súas tarefas, intentar mediar ante os problemas que xordan durante os xogos así como facerse responsables do bo uso do vestiario cando se van a asear.

No caso de que algún alumno ou alumna por algún motivo non poida acudir ás clases durante un tempo, empregaremos a aula virtual do centro para ir transmitindo actividades relacionadas co traballado na aula. De maneira continua, seguiremos coa publicación de retos con feedback mediante genially, seguindo dentro do posible as unidades didácticas establecidas nesta programación, realizando actividades/retos/xogos relacionados coas mesmas. Estas actividades están abertas para todo o alumnado, por se quixeran aproveitelas para ampliar.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Convencional Gran material (Porterías, canastras, redes, bancos suecos, colchonetas e colchonetas quitamedos, 1 minitramp, 1 potro e 1 plinto, etc.)
Convencional Pequeno material moi variado: pelotas, balóns deportivos, raquetas de tenis e pelotas, raquetas de bádminon e plumas, indiacas, aros de distintos tamaños, panos de cores, cordas pequenas e grandes, conos redondos, discos voadores, palas, petos, sticks, picas, etc.
Non convencional: globos, pneumáticos, sacos, teas, panos,...
Xoguetes de refugallo creados a base de material de reciclaxe (manazas de oveiras, pelotas de xornal, fumbol de cartóns de leite, botenis de botellas...)
Pelotas fitball
Aparello de música
Fichas explicativas para levar a cabo de maneira autónoma diferentes estacións, ou para seguir os estiramientos musculares por exemplo.
Aula virtual onde se irá colgando material de cada unha das unidades didácticas
Instalacións: patio exterior, Pavillón, patio cuberto, aula de psicomotricidade,...

A importancia do material, os recursos e estímulos aplicados como xogo na Actividade Física son fundamentais xa que permiten realizar experiencias múltiples, mediante os cales se vai acadando a comprensión concreta e precisa dos obxectivos nas metas propostas, así como tamén o proporcionar a capacidade de poder crear, relacionar, e transformar o que se quere alcanzar en coñecemento, cun ambiente cheo de emocións, sensacións e experiencias propias do ser humano mediante actividades lúdicas.

Temos moita cantidade de material variado e de todo tipo en bo estado, posto que foi adquirido en case a súa totalidade no curso académico 2019-2020, e posteriormente se foi renovando aquel que se iba estragando e ampliando.

* Os xoguetes con material de refugallo vaise ampliando anualmente na unidade didáctica correspondente.

* O material está repartido principalmente no pavillón, e algún na sala de psicomotricidade.

Segundo o sinalado por, Bautista (2010) establece unha serie de características que deben ter os materiais en relación á función complementaria que realiza na actividade educativa, como:

- Carácter motivador: xa que, segundo a forma, textura, cor e características particulares do material, espertase o interese e curiosidade para a súa utilización.
- Carácter polivalente: os materiais poden ser utilizados como elementos en varias actividades escolares e como elementos de diferentes xogos.
- Carácter colectividade: a súa utilización pode ser individual ou colectiva.
- Carácter de accesibilidade: estar organizado e dispoñible para a libre elección dos alumnos.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Lagardera define a avaliación como un mecanismo de recollida de información que, unha vez valorada, serve para tomar determinadas decisións.

A avaliación debe ser entendida como unha práctica reflexiva que nos permita comprender mellor o que sucede no escenario educativo. Tamén nos permitirá investigar sobre a nosa propia práctica. Polo tanto, a avaliación débenos servir para acumular o maior número de información sobre un alumno e sobre todos os aspectos que determinan o

proceso de aprendizaxe.

En Educación Física a avaliación posúe unha serie de peculiaridades que deben ser tidas en conta:

- O carácter lúdico que a actividade físico-deportiva posúe fai que os obxectivos que se platexen sexan de satisfacción persoal. Xerar actitudes positivas e duradeiras é unha meta a longo prazo, logo non debemos obsesionarnos con obxectivos inmediatos.
- A estreita relación entre motricidade e desenvolvemento evolutivo desvirtúa os éxitos conseguidos polo profesorado.
- As condicións en que se desenvolve a área: número de alumnos, tempo dispoñible, necesidade de instrumentos ou condicións específicas e a imposibilidade de avaliar de forma masiva poden restar eficacia á avaliación. Polo tanto é necesario abordar estas condicións con criterios realistas, debemos seleccionar instrumentos que pola súa economía, facilidade de aplicación, fluidez na organización e calidade da información recollida alteren menos o ritmo de clase.
- Ten que compaxinar as apreciacións subxectivas coas obxectivas, tanto unhas como outras poden alterar a información. Os obxectivos actitudinais poden perderse na subxectividade e a práctica exclusiva de probas obxectivas reduce o progreso do alumno fronte á norma.
- A ausencia dun contido estable definido e uniforme fai que se imparta substancialmente de forma diferente segundo as circunstancias da contorna.

Hai tres momentos significativos no proceso avaliador dentro do desenvolvemento curricular que determinan as súas funcións específicas. Son a avaliación inicial-diagnóstica, a avaliación procesual-formativa; e a avaliación final sumativa.

A avaliación inicial serve para coñecer o nivel, non exacto, pero si unha aproximación, do grupo clase con respecto a algúns contidos. A través desta avaliación inicial en educación física, non se pretende coñecer todos os aspectos que se poidan avaliar na área (se fose así poderíamos estar todo o ano avaliando), senón só aqueles que sexan máis relevante para o obxectivo educativo que cada un pretenda conseguir, e así poder realizarse unha idea rápida e global de onde pode partir.

Existe unha gran variabilidade de aspectos a avaliar en Educación Física e de distinta natureza (expresión corporal, habilidades motrices básicas, equilibrio, coordinación, capacidades física básicas, actividades no medio natural, xogos de cooperación-oposición, respecto que lle teñen ao material, a autonomía, etc.).

Na primeira sesión de cada unidade didáctica prestarase especial atención ao nivel de partida do alumnado en canto aos contidos de dita unidade (posibilidades, necesidades, intereses, etc). Suporá unha avaliación inicial que poderá condicionar o grado de complexidade das actividades das seguintes sesións.

Tamén ao inicio do curso realizaremos unha avaliación inicial para coñecer o nivel de competencia motriz dos nosos alumnos/as. Esta primeira avaliación do curso que se levara a cabo durante as sesións do mes de setembro e que nos permitirá obter un diagnóstico inicial estará composta por:

- Ficha médica de cada alumno e alumna
- Circuitos e actividades que comprendan os seguintes contidos:
- Estruturação espazo-temporal: Correr por unha sucesión de aros, desprazarse en función dun ritmo marcado...
 - Coordinación e equilibrio: Manter a posición sobre un só apoio un tempo determinado, alternar saltos sobre un banco (pernas abertas, pes xuntos), botar un balón.
 - Habilidades básicas: Lanzamento e recepción dun balón, salto en altura e lonxitude.
 - Habilidades xenéricas: conducción e botes cun balón nun recorrido establecido.
 - Expresión e comunicación corporal: Axustar movementos a un ritmo dado, xogos de mímica.

A diversidade é unha realidade facilmente observable, e a súa axeitada atención é un dos alicerces básicos no que se fundamenta o sistema educativo. Cada alumno e cada alumna teñen unha ampla gama de necesidades educativas, debidas á presenza de múltiples factores persoais e sociais (xénero, idade, etapa de desenvolvemento madurativo, motivación, intereses, estilos de aprendizaxe, expectativas, procedencia socioeconómica e cultural, orixe étnica, etc.), que deben ser satisfeitas.

En consecuencia, todo centro ten que estar en condicións de:

- 1.º Adaptarse ás características individuais e sociais de cada alumno ou alumna.
- 2.º Ofrecer unha cultura común, respectando as peculiaridades de cada cultura propia.

- 3.º Adoptar unha metodoloxía que favoreza a aprendizaxe de todo o alumnado na súa diversidade.
 4.º Partir dunha avaliación inicial do alumnado en cada núcleo de aprendizaxe que permita detectar os seus coñecementos previos, para facilitar a significatividade dos novos contidos que se deben aprender.

Como consecuencia da obrigatoriedade do ensino, xorde a escola comprensiva, que ofrece un mesmo currículo básico para todos os alumnos e todas as alumnas minimizando as súas diferenzas a través do principio de igualdade de oportunidades, co fin de compensar así as desigualdades sociais. Ademais, expónse como proporcionar unha resposta educativa axeitada a un colectivo de estudantes con necesidades de formación moi diversas, escolarizados dentro dun mesmo centro educativo e cun currículo, en parte, común.

Esta proposta trata de promover a escola comprensiva mediante as seguintes estratexias:

- 1.º Aadoitar organizacións flexibles dentro do aula, con respecto cara aos principios básicos de organización e funcionamento dos grupos, practicando estratexias inter e intragrupoais, para potenciar o traballo con grupos heteroxéneos de alumnos e alumnas.
 2.º Realizar as adaptacións curriculares necesarias para asegurar que se poida manter unha escola na que teñan cabida todos, sexan cales sexan as súas necesidades educativas ou intereses persoais específicos.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	10	10	10	10	10	10	10	10
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100

Unidade didáctica	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	100
Táboa de indicadores	100

Criterios de cualificación:

Para determinar a nota do alumnado, débense establecer uns criterios de cualificación que se relacionen directamente cos criterios de avaliación. Estes criterios permitirán identificar se o alumnado progresa adecuadamente, é dicir, se desenvolven as capacidades de diferentes ámbitos ou se necesita mellorar nalgúns aspectos.

A avaliación ideal debe estar centrada no alumnado. E isto significa que non vale a mesma avaliación para todos porque non todos aprenden da mesma forma. Algúns poden pensar que temos que facer unha avaliación para cada neno/a, pero se traballas por niveis poderemos identificar o nivel do alumnado e a partir de aí preparar a avaliación.

***COMO AVALIAR AO NOSO ALUMNADO?

A avaliación será Criterial, interpretando os resultados en función do alumno/a e avaliando o seu propio progreso, é dicir, o resultado obtido do individuo comparárase con outros resultados obtidos polo mesmo nas mesmas actividades ou probas.

Ao ser unha programación didáctica para 5º de primaria, empregaremos Instrumentos Cualitativos, sendo polo tanto unha avaliación baseada en técnicas de observación.

Rexistraremos o que sucede nas sesións; o progreso día a día. Este rexistro será continuo e o máis sistemático posible empregando diferentes técnicas como: escalas de observación, listas de control, rúbricas e rexistros anecdóticos.

Co fin de ser o mais ecuánime posible, faremos unha toma de medidas antropométricas (peso e altura) a inicio e fin de curso, para poder valorar e ter en conta, se fora o caso, os problemas motrices debidos a cambios físicos importantes.

As listas de control farán referencia aos seguintes elementos (por exemplo):

- Participación, interese e esforzo.
- Formación de agrupacións.
- Cumprimento das normas.
- Tolerancia a gañar e perder.
- Comportamento e actitude.
- Atención nas explicacións.
- Colaboración, respecto e compañeirismo.
- Coidado e recollida do material

*** CANDO SE AVALÍA?

- Ao inicio do proceso: Farase unha avaliación inicial a principio de curso e de cada unidade didáctica para coñecer o nivel de partida do alumnado.
- Durante o proceso: A través de técnicas de observación fundamentalmente, recolleremos datos sobre os acertos e erros. Será unha avaliación continua, que permitirá facer axustes no caso de que se precisen.
- Ao final do proceso: Esta avaliación sumativa servirá para comprobar o desenvolvemento das habilidades e capacidades desenroladas dende o punto de partida de cada alumno/a. Para iso empregaremos os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe que nos ofrecerán información sobre o grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos plantexados en cada unha das unidades didácticas.

A avaliación farase tendo en conta o progreso do alumnado dun xeito global, prestando atención á evolución ao longo do proceso e contemplando as dificultades que se produciron e o esforzo que o alumnado empregou para superalas. Os criterios de avaliación aplicaranse dun xeito flexible e aberto mirando sempre no beneficio do alumnado. A nota de cada trimestre será a correspondente a suma das porcentaxes das notas das diferentes Unidades Didácticas traballadas ao longo do trimestre. A nota de cada Unidade Didáctica obterase do seguinte xeito: Partimos dunha nota de 10 puntos, onde:

- Comportamento (actitude, atención, normas): 2 puntos
- Participación (activa ou pasiva) e interese: 1 punto
- Respecto (aos compañeiros e mestra, ao material, saber gañar e perder, formación de grupos): 1 punto
- Contidos propios de cada unidade didáctica: 6 puntos

As unidades didácticas avaliaranse con rúbricas sobre eses 6 puntos de nota máxima, e no tocante aos outros 4 puntos, todo o alumnado partirá dun 10 (4 puntos), e irá restando 0,1 por diferentes faltas en relación aos items abaixo explicados:

- 6 puntos. 60% (en cada UD):

- Consecución dos obxectivos de cada unidade (tendo en conta a % de peso que ten esa UD no punto 3.1. Relación das Unidades Didácticas desta programación)
- Nivel de adquisición de habilidades motrices
- * 10% Adquisición de conceptos traballados nas sesión e nomes do quentamento articular (oral).

- 4 puntos. 40% :

- Actitude, participación, interese e esforzo.
- Formación de agrupacións evitando todo tipo de discriminación
- Cumprimento das normas.
- Tolerancia a gañar e perder.
- Comportamento e actitude.
- Atención nas explicacións.
- Colaboración, respecto e compañeirismo.
- Coidado e recollida do material

* Iranse acumulando as faltas de material e de aseo tras a práctica de actividade física, descontando 1 punto da nota final, cada 4 faltas. Ao rematar o trimestre o contador de faltas ponse a cero.

Criterios de recuperación:

A área de Educación Física non é unha área que se preste a actividades de reforzo e ou recuperación propiamente ditas. As novas unidades que vaíamos introducindo teñen contidos das anteriores, o que nos vai permitir coa observación ver se existe progreso. Co traballo diario na aula e o feedback permanente durante as clases vaiase facendo un traballo de reforzo e recuperación, con adaptacións das actividades, dos grupos ou dos tempos.

Si que teremos en conta accións como a motivación, a aqueles alumnos que lles coste un pouco mais facerse coa materia, así como os agrupamentos flexibles para aqueles casos nos que exista dificultades de integración ou de confianza, buscando con medidas deste xeito, fomentas un bo hábito de traballo, propicio para desenvolver os novos aprendizaxes.

Pero, de todos os xeitos, para o alumnado que non superen o grao de consecución mínima dos CA estableceremos as seguintes premisas:

- 1.- Os criterios de avaliación plantexados de xeito progresivo quedarán superados cando na seguinte avaliación sexan acadados.
- 2.- Os criterios de avaliación plantexados de xeito non progresivo proporánselle actividades ao longo do curso nas distintas UD para que o alumnado supere ditos Criterios de Avaliación.

6. Medidas de atención á diversidade

Esta programación foi deseñada para o alumnado de Educación Primaria. Somos conscientes que en toda a etapa predominan unhas características físicas, psicolóxicas, afectivas e sociais, que se modifican paulatinamente, e que xorden de forma natural e paralela ao desenvolvemento e crecemento de cada un dos nenos/as. Creemos que o proceso de ensino-aprendizaxe debe adaptarse ao alumnado e non ao revés, por iso intentaremos que sexa o máis individualizado posible, tendo en conta as características e o propio ritmo de aprendizaxe.

-----MEDIDAS XERAIS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE.-----

Prevense actividades de diferentes graos de dificultade para aqueles nenos/as que o precisen co fin de que logren os obxectivos propostos. Utilizarase un ensino individualizado para os nenos/as que presentan dificultades motoras, adaptando os exercicios ás súas propias posibilidades de mellora motriz.

A programación é aberta e flexible polo que en calquera momento poderán adaptarse os contidos ás necesidades do alumnado.

Algunhas outras accións que se poden levar a cabo son:

- Controlar a formación dos grupos fixándonos no alumnado que adoita ser rexeitado para a súa integración neste grupo.
- Darlle responsabilidades nos xogos e no reparto de material, no liderazgo dos grupos a nenos/as con problemas de conduta facendo fincapé na súa responsabilidade.
- Traballar a capacidade de liderazgo san e todas as alumnas e alumnos do centro.
- Integrar a nenos/os con problemas de comunicación e relación a través do xogo.

Considérase que a atención integral destes alumnos iniciárase dende o mesmo momento que se identifique e rexerese polos principios que se contemplan na lei que de modo resumido supoñen incluír a todos na actividade pero prestando unha atención máis individualizada a quen o necesite.

-----ALUMNADO CON NEAE (Necesidades Específicas de Apoio Educativo)-----

A lexislación vixente define o Alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE) como aquel que requira, de forma temporal ou permanente, apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias por presentar necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, TDAH, altas capacidades intelectuais, incorporación tardía ao sistema educativo ou por condicións persoais excepcionais. A atención a este tipo de alumnado levarase a cabo coordinando aos especialistas que imparten docencia no grupo, ás familias e ao Departamento de Orientación.

Alguns alumnos/as presentan desvantaxes ou incapacidades que lles dificultan a aprendizaxe a través dos recursos máis xerais e ordinarios dos que dispoñen os centros educativos. A complexidade radica en que cada alumno/a con NEAE ten unha dificultade particular e concreto e que todo o profesorado, incluídos nós, teremos que adaptar o currículo e a programacións ás súas necesidades e posibilidades.

Pódense contemplar distintas situacións:

- Alumnos/as con diferentes ritmos de aprendizaxe. Hai algúns nenos/as que levan un ritmo de aprendizaxe máis lento na aula pero non lles afecta á práctica de actividade física. Tamén hai algúns/algunhas que presentan distinto ritmo de aprendizaxe na nosa área polo que lles ofreceremos o reforzo educativo necesario cando o precisen.

- Alumnos/as de incorporación tardía ao sistema educativo español. Temos varios casos pero ningún deles afecta nin a lingua nin a integración no grupo.

- Alumnos/as con altas capacidades intelectuais, con necesidades continuas de ampliación e dedicación especial. Non existe ningún na aula.

- Alumnos/as con NEE motivadas por algunha deficiencia. Nesta aula existe algún caso diagnosticado, pero que polo de agora non precisa de axuda para seguir o ritmo das sesións, sendo capaz de realizar as mesmas actividades que o resto de compañeiros, e co que simplemente teremos que incidir de maneira actitudinal, explicándolle as cousas mais directamente ou intervindo nalgunhas reaccións inadecuadas; procuraremos tamén avisar sempre con anterioridade dos cambios que vaian a acontecer.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión Lectora	X	X			X			X
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X	X			X			
ET.3 - Educación emocional e en Valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Igualdade entre Homes e Mulleres.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade		X			X			X
ET.6 - Educación Ambiental				X				
ET.7 - Educación para a paz e resolución de conflitos	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación Para a Saúde	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Educación para o consumo responsable e desenvolvemento sustentable				X	X			

	UD 9	UD 10
ET.1 - Comprensión Lectora		X
ET.2 - Expresión Oral e Escrita		
ET.3 - Educación emocional e en Valores	X	X
ET.4 - Igualdade entre Homes e Mulleres.	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade	X	X

	UD 9	UD 10
ET.6 - Educación Ambiental		X
ET.7 - Educación para a paz e resolución de conflitos	X	X
ET.8 - Educación Para a Saúde	X	X
ET.9 - Educación para o consumo responsable e desenvolvemento sustentable	X	X

Observacións:

A Educación Primaria, pretende proporcionar ao alumnado unha educación que lle permita afianzar o seu desenvolvemento persoal e o seu propio benestar; desenvolver as habilidades sociais, a creatividade e a afectividade; lograr que adquiran os elementos básicos da cultura, e formalo para o exercicio dos seus dereitos e das súas obrigacións na vida como cidadáns.

Desta forma, tanto en Educación Infantil como en Educación Primaria, a actuación da mestría e a relación que se establece entre ela e o alumnado reviste unha gran relevancia; por iso, os principios nos que se fundamentan os temas transversais deben inspirar en toda a actividade docente e, do mesmo xeito deben ser traballados conxuntamente coas familias para que os nenos e nenas non vivan actuacións contraditorias entre o ámbito escolar e familiar. Para conseguir o anteriormente exposto, faise necesaria a presenza dos temas transversais no currículo.

Hai que sinalar, que os temas transversais impregnan gran parte dos contidos das áreas. Son prescritivos e non aparecen no currículo como disciplinas separadas senón impregnado todo o labor educativo na que todo o profesorado de todos os niveis e etapas educativos está involucrado.

15015652	CEIP Apóstolo Santiago	Santiago de Compostela	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua Estranxeira - Inglés	5º Pri.	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	15
4.2. Materiais e recursos didácticos	16
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	18
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	18
6. Medidas de atención á diversidade	19
7.1. Concreción dos elementos transversais	20
7.2. Actividades complementarias	20
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	20
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	21
9. Outros apartados	21

1. Introducción

Esta programación didáctica, relativa á materia de Lingua Estranxeira (Inglés), vai ser aplicada no quinto curso dun centro público de educación infantil e primaria, situado en Compostela. Dito centro de liña un conta con 9 unidades, sendo 3 delas de educación infantil e as outras 6 de educación primaria.

O alumnado para o cal se elaborou dita programación conta con dez anos de idade aproximadamente. Entre eles, hai que destacar a presenza de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, para os cales se recollen nesta programación medidas específicas.

Ao longo dos curso escolar, contaremos coa presenza dunha auxiliar de conversa unha hora á semana. Este recurso permitirá ao alumnado achegarse á realidade inmediata do idioma e a cultura estranxeira ao tempo que se traballan os bloques de contidos relativos a esta materia de forma intradisciplinar: Bloque 1: Comunicación; Bloque 2: Plurilingüismo; Bloque 3: Interculturalidade.

O desenvolvemento dos contidos abordarase ao longo das seis unidades didácticas que conforman esta programación, quedando distribuídas dúas unidades en cada trimestre.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender o sentido xeral e información específica e predicible de textos breves e sinxelos, expresados de forma clara e na lingua estándar, facendo uso de diversas estratexias e recorrendo, cando sexa necesario, ao uso de distintos tipos de apoio, para desenvolver o repertorio lingüístico e para responder a necesidades comunicativas cotiás.	2-3	1-2	1	1	5			2
OBX2 - Producir textos sinxelos de maneira comprensible e estruturada, mediante o emprego de estratexias como a planificación ou a compensación, para expresar mensaxes breves relacionados con necesidades inmediatas e responder a propósitos comunicativos cotiás.	1	1-2	1	2	5		1	4
OBX3 - Interactuar con outras persoas usando expresións cotiás, recorrendo a estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a necesidades inmediatas do seu interese en intercambios comunicativos respectuosos coas normas de cortesía.	5	1-2	1		3	3	1-3	
OBX4 - Mediar en situacións predicibles, usando estratexias e coñecementos para procesar e transmitir información básica e sinxela, co fin de facilitar a comunicación.	5	1-2-3	1		1-3			1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Recoñecer e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas, reflexionando sobre o seu funcionamento e identificando as estratexias e coñecementos propios, para mellorar a resposta a necesidades comunicativas concretas en situacións coñecidas.		2	1	2	1-4-5		3	
OBX6 - Apreciar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística a partir da lingua estranxeira, identificando e valorando as diferenzas e semellanzas entre linguas e culturas, para aprender a xestionar situacións interculturais.	5	3			1-3	2-3		1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	My activities party	Abordaremos os present simple e continuous mediante rutinas e actividades inmediatas relacionadas con algúns deportes. Ademais trataremos o uso de why? e because.	20	18	X		
2	At the safari park	Os contidos a tratar nesta unidade viran en torno a aprendizaxe do uso dos comparativos e os superlativos relacionados con vocabulario propio de animais salvaxes. Ademais abordaremos gustos e preferencias mediante o uso de I like.	20	18	X		
3	Getting around the town	Nesta unidade o alumnado aprenderá os nomes dos diversos establecementos e espazos propios da rúa. Ademais, traballaremos cómo preguntar e dar información sobre direccións empregando preposicións de lugar e as estruturas there was/there were.	15	18		X	
4	At the job fair	Os contidos desta unidade abranguen o uso do pasado simple dos verbos regulares así coma o pasado dos verbos to be e to go. O tema principal serán as profesións.	15	17		X	
5	At the department store	O tema principal será a descrición de diversas prendas de roupa e complementos ademais do uso dos verbos have to e can.	15	17			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	At the summer camp	Na derradeira unidade veremos o uso do futuro "going to" ligado a actividades de tempo libre.	15	17			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	My activities party	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer, interpretar e analizar o sentido global, así como palabras e frases específicas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais frecuentes e cotiáns de relevancia persoal e ámbitos próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes.	Recoñecer frases específicas sobre temas cotiáns	PE	50
CA1.2 - Seleccionar, organizar e aplicar, de forma guiada, estratexias e coñecementos adecuados en situacións comunicativas cotiáns e de relevancia para captar o sentido global e procesar informacións explícitas en textos diversos.	Aplicar estratexias para procesar información oral		
CA1.5 - Seleccionar, organizar e aplicar, de forma guiada, coñecementos e estratexias para preparar e producir textos breves, sinxelos e útiles adecuados ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual, usando con axuda recursos físicos ou dixitais en función da tarefa e das necesidades de cada momento.	Producir textos breves		
CA1.3 - Expresar oralmente textos breves e sinxelos, previamente preparados, sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, xunto con estruturas básicas e de uso frecuente propias da lingua estranxeira.	Expresar oralmente asuntos cotiáns	TI	50
CA1.8 - Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas, de forma guiada, en situacións de comunicación nas que atender á diversidade, mostrando respecto e empatía polas interlocutoras e os interlocutores, e polas linguas empregadas, e interese por participar na solución de problemas de intercomprensión e entendemento na súa contorna próxima, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Mostrar interese e empatía		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Utilizar e diferenciar de forma progresivamente autónoma os coñecementos e estratexias de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Utilizar estratexias de mellora		
CA3.3 - Seleccionar e aplicar, de maneira guiada, estratexias básicas para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística.	Apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a adquisición e afianzamento da autoconfianza no uso da lingua estranxeira. - Técnicas de aprendizaxe. - O tratamento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe e a súa aceptación como oportunidade de mellora. - Estratexias básicas para a comprensión, a planificación e a produción de textos orais; escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados. - Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos e lugares; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; describir rutinas; dar indicacións e instrucións; expresar a pertenza e a cantidade. - Unidades lingüísticas básicas e significados asociados a elas tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número, o espazo e as relacións espaciais; o tempo, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas elementais. - Léxico relativo á identificación persoal, relacións persoais próximas, lugares e contornos de interese para o alumnado, vida cotiá, lecer e tempo libre. - Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, e funcións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns. - Convencións e estratexias de conversación básicas de uso común, sexan presenciais e simultáneas, ou a través doutros medios para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar indicacións, aclaracións e explicacións adaptadas ao seu nivel, colaborar, comparar e contrastar. - Léxico e expresións básicos e frecuentes de uso común relacionados coa metalinguaxe para comprender enunciados sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe. - Recursos e apoios físicos e dixitais que permitan exercer a mediación lingüística dun xeito básico. - Estratexias básicas de uso común para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, morfosintaxe, patróns sonoros, posición dos signos de interrogación e exclamación) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal. - Patróns culturais básicos de uso frecuente transmitidos a través dos usos da lingua estranxeira.

UD	Título da UD	Duración
2	At the safari park	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Seleccionar, organizar e aplicar, de forma guiada, estratexias e coñecementos adecuados en situacións comunicativas cotiás e de relevancia para captar o sentido global e procesar informacións explícitas en textos diversos.	Aplicar estratexias para captar información oral	PE	40
CA1.4 - Organizar e redactar textos breves e sinxelos, previamente preparados, con adecuación á situación comunicativa proposta, a través de ferramentas analóxicas e dixitais, e usando estruturas e léxico básicos de uso común sobre asuntos cotiás e frecuentes, de relevancia persoal para o alumnado e próximos á súa experiencia.	Redactar textos sinxelos		
CA2.3 - Iniciarse, de maneira guiada, no rexistro e uso dos progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, recoñecendo os aspectos que axudan a mellorar e realizando actividades de autoavaliación e coavaliación, como as propostas no portfolio europeo das linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe.	Rexistrar os progresos e dificultades xurdidos		
CA1.3 - Expresar oralmente textos breves e sinxelos, previamente preparados, sobre asuntos cotiás e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, xunto con estruturas básicas e de uso frecuente propias da lingua estranxeira.	Expresar oralmente asuntos cotiás empregando comparativos e superlativos	TI	60
CA1.6 - Planificar e participar en situacións interactivas sinxelas de intercambios breves de información sobre temas cotiás, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital.	Participar en interaccións amosando respecto		
CA1.7 - Seleccionar, organizar e utilizar, de forma guiada, en situacións cotiás, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; formular e contestar preguntas sinxelas; expresar mensaxes e iniciar e terminar a comunicación.	Formular e expresar mensaxes		
CA3.1 - Actuar con aprecio e respecto en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, e mostrando rexeitamento ante calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiás e habituais.	Apreciar situacións interculturais rexeitando discriminacións		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O tratamento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe e a súa aceptación como oportunidade de mellora. - Estratexias básicas para a comprensión, a planificación e a produción de textos orais; escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados.

Contidos

- Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos e lugares; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; describir rutinas; dar indicacións e instrucións; expresar a pertenza e a cantidade.
- Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos, de uso común, na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: recoñecemento das características e do contexto, organización e estrutura interna, segundo o xénero, a función textual, o destinatario e a finalidade.
- Léxico relativo á identificación persoal, relacións persoais próximas, lugares e contornos de interese para o alumnado, vida cotiá, lecer e tempo libre.
- Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, e funcións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns.
- Convencións ortográficas básicas de uso común e significados asociados aos formatos e elementos gráficos (signos de puntuación, siglas, símbolos).
- Recursos para a aprendizaxe e estratexias de procura guiada de información en medios analóxicos e dixitais.
- Léxico e expresións básicos e frecuentes de uso común relacionados coa metalinguaxe para comprender enunciados sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe.
- Destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas.
- Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e colectivas.
- Comunicación e relación con persoas doutros países, a través da lingua estranxeira: acceso a nova información, culturas e modos de vida diferentes.
- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos e habituais relativos aos costumes, a vida cotiá e as relacións interpersoais, convencións sociais básicas de uso común, linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital propias de países onde se fala a lingua estranxeira.

UD	Título da UD	Duración
3	Getting around the town	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer, interpretar e analizar o sentido global, así como palabras e frases específicas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais frecuentes e cotiás de relevancia persoal e ámbitos próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes.	Interpretar frases específicas	PE	45
CA1.5 - Seleccionar, organizar e aplicar, de forma guiada, coñecementos e estratexias para preparar e producir textos breves, sinxelos e útiles adecuados ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual, usando con axuda recursos físicos ou dixitais en función da tarefa e das necesidades de cada momento.	Producir textos breves		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Seleccionar, organizar e aplicar, de forma guiada, estratexias e coñecementos adecuados en situacións comunicativas cotiás e de relevancia para captar o sentido global e procesar informacións explícitas en textos diversos.	Aplicar estratexias para captar mensaxes orais	TI	55
CA1.3 - Expresar oralmente textos breves e sinxelos, previamente preparados, sobre asuntos cotiás e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, xunto con estruturas básicas e de uso frecuente propias da lingua estranxeira.	Expresar oralmente asuntos cotiás empregando o pasado		
CA1.7 - Seleccionar, organizar e utilizar, de forma guiada, en situacións cotiás, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; formular e contestar preguntas sinxelas; expresar mensaxes e iniciar e terminar a comunicación.	Utilizar estratexias para saudar e despedirse		
CA1.9 - Seleccionar e aplicar, de forma guiada, estratexias básicas que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información e a comunicación fluída, adecuados ás intencións comunicativas, as características contextuais e a tipoloxía textual, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Aplicar estratexias que faciliten a comprensión e produción		
CA2.1 - Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre aspectos básicos do seu funcionamento.	Contrastar similitudes e diferenzas entre as linguas		
CA3.2 - Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, mostrando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos básicos que fomenten a sustentabilidade e a democracia.	Respectar a diversidade lingüística		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a adquisición e afianzamento da autoconfianza no uso da lingua estranxeira. - O tratamento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe e a súa aceptación como oportunidade de mellora. - Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos e lugares; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; describir rutinas; dar indicacións e instrucións; expresar a pertenza e a cantidade. - Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos, de uso común, na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: recoñecemento das características e do contexto, organización e estrutura interna, segundo o xénero, a función textual, o destinatario e a finalidade. - Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, e funcións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns. - Convencións e estratexias de conversación básicas de uso común, sexan presenciais e simultáneas, ou a través doutros medios para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar indicacións,

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - aclaracións e explicacións adaptadas ao seu nivel, colaborar, comparar e contrastar. - Recursos para a aprendizaxe e estratexias de procura guiada de información en medios analóxicos e dixitais. - Propiedade intelectual das fontes consultadas e contidos utilizados; identificación de dereitos de autoría. - Ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal, así como plataformas virtuais de interacción, cooperación e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas...) ¿para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira. - Estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información, e a comunicación fluída. - Estratexias e técnicas de compensación das carencias comunicativas para responder eficazmente a unha necesidade concreta, a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio. - Aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos e habituais relativos aos costumes, a vida cotiá e as relacións interpersoais, convencións sociais básicas de uso común, linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital propias de países onde se fala a lingua estranxeira. - Padróns culturais básicos de uso frecuente transmitidos a través dos usos da lingua estranxeira.

UD	Título da UD	Duración
4	At the job fair	17

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Seleccionar, organizar e aplicar, de forma guiada, estratexias e coñecementos adecuados en situacións comunicativas cotiás e de relevancia para captar o sentido global e procesar informacións explícitas en textos diversos.	Captar o sentido global de informacións explícitas	PE	50
CA1.4 - Organizar e redactar textos breves e sinxelos, previamente preparados, con adecuación á situación comunicativa proposta, a través de ferramentas analóxicas e dixitais, e usando estruturas e léxico básicos de uso común sobre asuntos cotiás e frecuentes, de relevancia persoal para o alumnado e próximos á súa experiencia.	Redactar textos breves		
CA1.3 - Expresar oralmente textos breves e sinxelos, previamente preparados, sobre asuntos cotiás e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, xunto con estruturas básicas e de uso frecuente propias da lingua estranxeira.	Expresar oralmente textos sinxelos	TI	50

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Planificar e participar en situacións interactivas sinxelas de intercambios breves de información sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital.	Participar en situacións interactivas		
CA2.2 - Utilizar e diferenciar de forma progresivamente autónoma os coñecementos e estratexias de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Utilizar estratexias de mellora para comunicarse		
CA3.3 - Seleccionar e aplicar, de maneira guiada, estratexias básicas para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística.	Apreciar a diversidade cultural		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Técnicas de aprendizaxe. - O tratamento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe e a súa aceptación como oportunidade de mellora. - Estratexias básicas para a comprensión, a planificación e a produción de textos orais; escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados. - Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos e lugares; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; describir rutinas; dar indicacións e instrucións; expresar a pertenza e a cantidade. - Unidades lingüísticas básicas e significados asociados a elas tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número, o espazo e as relacións espaciais; o tempo, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas elementais. - Léxico relativo á identificación persoal, relacións persoais próximas, lugares e contornos de interese para o alumnado, vida cotiá, lecer e tempo libre. - Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, e funcións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns. - Convencións e estratexias de conversación básicas de uso común, sexan presenciais e simultáneas, ou a través doutros medios para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar indicacións, aclaracións e explicacións adaptadas ao seu nivel, colaborar, comparar e contrastar. - Propiedade intelectual das fontes consultadas e contidos utilizados; identificación de dereitos de autoría. - Destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas. - Recursos e apoios físicos e dixitais que permitan exercer a mediación lingüística dun xeito básico. - Estratexias básicas de uso común para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, morfosintaxe, patróns sonoros, posición dos signos de interrogación e exclamación) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal. - Estratexias básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.

Contidos

- Estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
5	At the department store	17

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer, interpretar e analizar o sentido global, así como palabras e frases específicas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais frecuentes e cotiáns de relevancia persoal e ámbitos próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes.	Interpretar frases específicas	PE	50
CA1.5 - Seleccionar, organizar e aplicar, de forma guiada, coñecementos e estratexias para preparar e producir textos breves, sinxelos e útiles adecuados ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual, usando con axuda recursos físicos ou dixitais en función da tarefa e das necesidades de cada momento.	Producir textos sinxelos		
CA1.2 - Seleccionar, organizar e aplicar, de forma guiada, estratexias e coñecementos adecuados en situacións comunicativas cotiáns e de relevancia para captar o sentido global e procesar informacións explícitas en textos diversos.	Procesar informacións explícitas	TI	50
CA1.3 - Expresar oralmente textos breves e sinxelos, previamente preparados, sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, xunto con estruturas básicas e de uso frecuente propias da lingua estranxeira.	Expresar oralmente asuntos cotiáns		
CA1.9 - Seleccionar e aplicar, de forma guiada, estratexias básicas que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información e a comunicación fluída, adecuados ás intencións comunicativas, as características contextuais e a tipoloxía textual, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Aplicar recursos dixitais		
CA2.1 - Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre aspectos básicos do seu funcionamento.	Comparar similitudes e diferenzas entre as linguas		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, mostrando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos básicos que fomenten a sustentabilidade e a democracia.	Respectar a cultura e os elementos culturais		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a adquisición e afianzamento da autoconfianza no uso da lingua estranxeira. - O tratamento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe e a súa aceptación como oportunidade de mellora. - Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos e lugares; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; describir rutinas; dar indicacións e instrucións; expresar a pertenza e a cantidade. - Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, e funcións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns. - Convencións ortográficas básicas de uso común e significados asociados aos formatos e elementos gráficos (signos de puntuación, siglas, símbolos). - Recursos para a aprendizaxe e estratexias de procura guiada de información en medios analóxicos e dixitais. - Léxico e expresións básicos e frecuentes de uso común relacionados coa metalinguaxe para comprender enunciados sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe. - Ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal, así como plataformas virtuais de interacción, cooperación e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas...) ¿para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira. - Destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas. - Estratexias e técnicas de compensación das carencias comunicativas para responder eficazmente a unha necesidade concreta, a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio. - Comparación elemental entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos. - Aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos e habituais relativos aos costumes, a vida cotiá e as relacións interpersoais, convencións sociais básicas de uso común, linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital propias de países onde se fala a lingua estranxeira. - Patróns culturais básicos de uso frecuente transmitidos a través dos usos da lingua estranxeira. - Participación en intercambios comunicativos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira, a través de diferentes medios.

UD	Título da UD	Duración
6	At the summer camp	17

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Seleccionar, organizar e aplicar, de forma guiada, estratexias e coñecementos adecuados en situacións comunicativas cotiás e de relevancia para captar o sentido global e procesar informacións explícitas en textos diversos.	Captar o sentido global de informacións explícitas	PE	50
CA1.4 - Organizar e redactar textos breves e sinxelos, previamente preparados, con adecuación á situación comunicativa proposta, a través de ferramentas analóxicas e dixitais, e usando estruturas e léxico básicos de uso común sobre asuntos cotiás e frecuentes, de relevancia persoal para o alumnado e próximos á súa experiencia.	Redactar textos sinxelos		
CA1.3 - Expresar oralmente textos breves e sinxelos, previamente preparados, sobre asuntos cotiás e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, xunto con estruturas básicas e de uso frecuente propias da lingua estranxeira.	Expresar oralmente textos breves con intención futura	TI	50
CA1.6 - Planificar e participar en situacións interactivas sinxelas de intercambios breves de información sobre temas cotiás, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital.	Participar en situacións comunicativas		
CA1.8 - Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas, de forma guiada, en situacións de comunicación nas que atender á diversidade, mostrando respecto e empatía polas interlocutoras e os interlocutores, e polas linguas empregadas, e interese por participar na solución de problemas de intercomprensión e entendemento na súa contorna próxima, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Explicar conceptos sinxelos		
CA2.3 - Iniciarse, de maneira guiada, no rexistro e uso dos progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, recoñecendo os aspectos que axudan a mellorar e realizando actividades de autoavaliación e coavaliación, como as propostas no portfolio europeo das linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe.	Rexistrar progresos e dificultades atopadas		
CA3.1 - Actuar con aprecio e respecto en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, e mostrando rexeitamento ante calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiás e habituais.	Apreciar as situacións interculturais rexeitando prexuízos e estereotipos		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Estratexias para a adquisición e afianzamento da autoconfianza no uso da lingua estranxeira.

Contidos

- Técnicas de aprendizaxe.
- O tratamento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe e a súa aceptación como oportunidade de mellora.
- Estratexias básicas para a comprensión, a planificación e a produción de textos orais; escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados.
- Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos e lugares; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; describir rutinas; dar indicacións e instrucións; expresar a pertenza e a cantidade.
- Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos, de uso común, na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: recoñecemento das características e do contexto, organización e estrutura interna, segundo o xénero, a función textual, o destinatario e a finalidade.
- Unidades lingüísticas básicas e significados asociados a elas tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número, o espazo e as relacións espaciais; o tempo, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas elementais.
- Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, e funcións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns.
- Léxico e expresións básicos e frecuentes de uso común relacionados coa metalinguaxe para comprender enunciados sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe.
- Estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información, e a comunicación fluída.
- Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e colectivas.
- Comunicación e relación con persoas doutros países, a través da lingua estranxeira: acceso a nova información, culturas e modos de vida diferentes.
- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos e habituais relativos aos costumes, a vida cotiá e as relacións interpersoais, convencións sociais básicas de uso común, linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital propias de países onde se fala a lingua estranxeira.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Para favorecer a adquisición dos obxectivos o enfoque metodolóxico basearase principalmente na creación de situacións comunicativas entre o alumnado. Para incrementar a motivación e o interese dos nenos e nenas, algunhas estratexias se centrarán nos seguintes aspectos:

- Partir das aprendizaxes previas do grupo clase.
- Actividades grupais e/ou en parella que impliquen preguntar e responder para dar/obter información en interaccións cotiás habituais.
- Desenvolver xogos coma o "quen é quen", "taboo", "find someone who" (...) que estimulen a expresión en lingua estranxeira.
- Poñer énfase na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto se detecten.
- Empregar tecnoloxías dixitais para a proxección de vídeos, xogos interactivos online, videoclips e cancións.
- Facer uso da biblioteca escolar para introducir a lectura en lingua estranxeira adaptada ao nivel do alumnado
- Empregar páxinas web como Story Nory ou Storyonline para favorecer a escoita de contos narrados por persoas de

fala inglesa.

- Utilizar fragmentos audiovisuais de documentais, anuncios publicitarios, curtas en vídeo, ... adecuados a este nivel para a práctica da comprensión oral. Este tipo de actividade permitiralles a nenos e nenas acceder a información e imaxes relacionadas con outras materias do currículo, e a temas transversais tales coma a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual; a igualdade de xénero, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable.

-Decorar a aula con cartaces feitos polo alumnado que lles recorden a construción de frases de uso diario coma Can I go to the toilet?, Can I borrow...? Can you help me, please?....

-Utilizar materiais visuais e variados, coma libros ilustrados, revistas, periódicos, tarxetas con imaxes do vocabulario das unidades didácticas, páxinas web, presentacións dixitais e vídeos curtos para a adquisición de estratexias de autoaprendizaxe entre as que están a utilización de técnicas coma impulsar repasos frecuentes entre os nenos e nenas, os xogos lingüísticos, a escoita de cancións e o visionado de películas e vídeos nesa lingua.

-Priorizar a linguaxe corporal, os xestos, a mímica e soportes visuais para facerse entender o mestre/a cos nenos e nenas, e deste xeito practicar e aprender eles mesmos estas estratexias fronte á tradución.

-Asentar e afianzar, así mesmo, a coordinación entre o profesorado de linguas estranxeiras e o que imparte outras áreas nesa lingua, necesaria no actual contexto de centros docentes plurilingües e seccións bilingües.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
1. Xogos de mesa
2. Tarxetas de vocabulario
3. Murais e posters
4. Libros de lectura
5. Revistas
6. Ordenador (Edixgal)
7. Páxinas web
8. Páxinas de vídeos (Youtube)
9. Cancións
10. Ferramentas dixitais
11. Realia
12. Activity book de All about us

1- Xogos de mesa relacionados co vocabulario e expresións de uso frecuente xa traballados e a traballar nas distintas UD.

Exemplos:

+ Xogos de tarxetas: imaxe-imaxe; imaxe - palabra; palabra - palabra, preguntas:

- adiviñar a tarxeta
- memory game
- facer parellas

+ De taboleiro: con imaxes; con imaxes e palabras; con imaxes e instrucións; con preguntas que hai que contestar:

- Snakes and ladders.
- Noughts and crosses.
- Trivial.
- Scrabble.

+ Dominós e Bingos relacionados cos diferentes temas que vaiamos traballando ao longo do curso.

2- Flashcards coas imaxes do vocabulario a traballar en cada UD que permitan ao alumnado relacionar o léxico coa imaxe correspondente.

3- Posters e murais: tanto de elaboración propia polo alumnado coma posters de vocabulario impresos que permiten unha ampla variedade de actividades de comunicación entre o alumnado.

4- Libros de lectura coma contos, cómics, ou poesía.

5- Revistas infantís coma National Geographic Kids.

6- Ordenadores individuais que lles permitan realizar as actividades propostas no libro dixital de Edixgal.

7- Páxinas web:

- British council: <https://learnenglishkids.britishcouncil.org/>
- Games to learn English: <https://www.eslgamesplus.com/fun-games/>

Types of games:

- Memory
- Drag it.
- Simon says
- Match it.
- Guess it.
- Whats missing?
- Historias e contos publicados na rede:
- Story Nory
- Storyline
- Lyricstraining

8- Páxinas de visualización de vídeos coma Youtube para escoitar cancións, ver curtas ou anuncios publicitarios.

9- Escoita de cancións infantís e de música inglesa actual para identificar palabras ("keywords") "enchendo ocos".

10- Ferramentas dixitais de elaboración de materiais:

Exemplos

- Genially: <https://genial.ly/why-genially>

- Canva: https://www.canva.com/es_419/

- Educaplay...

11- Realia: moedas, cartas de restaurante, plano de metro, artigos de prensa....

12. Activity book de All about us.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras semanas do curso para coñecer o nivel do que parte o alumnado. Esta avaliación levarase a cabo mediante:

-Revisión dos informes do ano anterior, onde se recollerá información sobre os resultados académicos obtidos na materia e, de ser o caso, dos plans de reforzo.

- Avaliación das competencias e contidos a través de actividades como:

·Describir e identificar as características físicas básicas das persoas de forma oral e empregando recursos dixitais como o Plickers.

·Identificar diferentes tipos de nacionalidades a través de xogos en Kahoot.

·Visualización dun vídeo descriptivo en lingua estranxeira para avaliar o grao de comprensión oral.

·Busca de información guiada empregando diferentes fontes de información en formato dixital.

A partir desta avaliación tratarase de identificar se existen dificultades no grupo-clase ou en determinados alumnos para a elaboración das medidas oportunas tanto a nivel colectivo como individual.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	20	20	15	15	15	15	100
Proba escrita	50	40	45	50	50	50	47
Táboa de indicadores	50	60	55	50	50	50	53

Criterios de cualificación:

Á hora de establecer os criterios de cualificación da materia, debemos ter en conta os instrumentos de avaliación marcados nesta programación, estes son as probas escritas e as táboas de indicadores.

As probas escritas serán as tarefas e fichas e probas obxectivas. Os cales terán a porcentaxe marcada en cada unidade didáctica para cada criterio de avaliación.

Por outra banda, as táboas de indicadores serán rúbricas, listas de cotexo ou escalas de observación entre outros. Estas táboas de indicadores terán a porcentaxe marcada para cada criterio de avaliación en cada unidade. A través destas táboas avaliaranse os criterios de avaliación que se indican, así como o respecto polos compañeiros, a capacidade de seguir uns pasos ou unhas instrucións e o grao de responsabilidade na execución dos proxectos, ademais do traballo no caderno de clase.

Para obter a cualificación de cada unha das unidades didácticas empregaranse os procedementos de avaliación anteriormente citados.

Para o cálculo da nota de cada avaliación terase en conta a seguinte fórmula:

NOTA 1ª AVALIACIÓN= (NOTA UD1 + NOTA UD2) /2

NOTA 2ª AVALIACIÓN= (NOTA UD3 + NOTA UD4) /2

NOTA 3ª AVALIACIÓN= (NOTA UD5 + NOTA UD6) /2

Para o cálculo da nota de cada unidade, utilizaranse as porcentaxes indicadas no apartado de avaliación. O exame terá un valor do 60%, o traballo diario de aula un 20% e o traballo extraordinario na casa outro 20% acadando o aprobado ao obter un 5.

Criterios de recuperación:

Aquel alumnado que obteña unha valoración negativa nun trimestre, deberá recuperar a materia realizando unha nova proba dos contidos traballados.

6. Medidas de atención á diversidade

En canto ás medidas de atención á diversidade, debemos ter en conta á hora de levar a cabo esta programación as medidas ordinarias, así como as medidas extraordinarias.

Así, entre as medidas ordinarias hai que ter en conta á adecuación desta programación ás características do centro e do alumnado a través do apoio educativo da auxiliar de conversa e con programas de habilidades sociais para traballar a autoestima ou a empatía, o que facilitará o traballo en equipo.

Ademais, para desenvolver as capacidades do alumnado terase en conta as súas características e circunstancias familiares, como poden ser a adaptación de medios, o uso da axenda escolar, adaptación dos tempos na realización de probas ou tarefas ou o uso de imaxes de apoio.

Exemplos:

- Teranse preparadas follas de actividades para aqueles alumnos-as que acaban as tarefas máis rápido; por exemplo con wordsearch, crosswords, scrabble, out of order de letras ou palabras. ..., sempre relacionadas co léxico dos diferentes temas nos que esteamos centrados en cada momento.
- Pediráselles que axuden a outros alumnos coas súas actividades (función de mediación lingüística).
- Os nenos e nenas que rematen poderán comparar, repasar e practicar lectura do traballo feito con outros-as que tamén vaian rematando. - Terán á súa disposición xogos de tarxetas (palabra-palabra, palabra - imaxe, imaxe - imaxe), de taboleiro e outros, relacionados co tema.
- Disporán do ordenador para afondar no tema no que se está a traballar: busca de máis información, imaxes, cancións, vídeos curtos...

Por outra banda, como medida extraordinaria, cómpre sinalar unha adaptación curricular para un alumno.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Igualdade de xénero.	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Competencia dixital.	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Comprensión lectora.	X	X	X	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Halloween	Actividades relacionadas con esta festividade.	X		
Christmas	Actividades relacionadas con esta festividade.	X		
Peace day	Actividades relacionadas con esta festividade.		X	
St Patrick's day	Actividades relacionadas con esta festividade.		X	
Easter	Actividades relacionadas con esta festividade.			X
April's Fool Day	Actividades relacionadas con esta festividade.			X

Observacións:

Abordaremos as sesións adicadas a ditas festividade mediante a visualización de vídeos explicativos para posteriormente aprender o vocabulario e facer xogos de consolidación do mesmo.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Metodoloxía empregada
Conseguise motivar ao alumnado?
Infórmase ao alumnado dos resultados obtidos nas diferentes probas?
Infórmase ao alumnado dos erros cometidos nas actividades ou probas?
Lévanse a cabo distintos tipos de agrupamento?

Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Os recursos empregados foron axeitados?
Medidas de atención á diversidade
Ofréceselle ao alumnado as explicacións individuais que precisa?
Elabóranse diferentes actividades segundo o nivel de desenvolvemento do alumnado?
Adáptanse as probas aos diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe?
Tomáronse medidas para atender aos ACNEAE?
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Mantívose o contacto coas familias, implicándoas no proceso?

Descrición:

Estes indicadores de logro permitirannos avaliar os procesos de ensino e a práctica docente nas unidades didácticas para obter a información precisa que axude a mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto. O documento elaborado para levar dito seguimento constituirase como un caderno de traballo na aula. Neste caderno do profesor/a, reflectirase o desenvolvemento efectivo das sesións, facendo fincapé no aproveitamento destas e dos recursos dispoñibles.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15015652	CEIP Apóstolo Santiago	Santiago de Compostela	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Relixión Católica	5º Pri.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	10
4.2. Materiais e recursos didácticos	11
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	12
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	12
6. Medidas de atención á diversidade	14
7.1. Concreción dos elementos transversais	15
7.2. Actividades complementarias	16
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	17
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	18
9. Outros apartados	18

1. Introducción

Presentamos a programación da área de Relixión e Moral Católica. Esta programación constitúe a concreción de todo o traballo a realizar durante o curso, razón pola que resulta de utilidade á hora de desenvolver o ano escolar e facilitar a súa lectura e comprensión por parte de todos os membros da comunidade educativa.

A Formación Religiosa e Moral Católica conta cunha longa tradición no sistema educativo español e, respondendo ás razóns da institución escolar e aos dereitos recoñecidos pola Constitución española, está garantida polo acordo suscrito entre o Estado e a Santa Sede sobre Ensinanza e Asuntos Culturais, asinado o 3 de xaneiro de 1979, no que se establecen os principios que fan posible as garantías constitucionais. Coa incorporación da área de Relixión ao currículo de Educación Primaria, a lexislación educativa en España é coherente coa Declaración Universal dos Dereitos Humanos de 1948, que recoñece o dereito a unha educación integral e o dereito das familias a elixir a educación dos fillos e fillas.

A área de Relixión Católica favorece o proceso educativo, contribúe á formación integral e ao desenvolvemento da personalidade do neno e nena. Contribúe á autonomía persoal e ao proceso vital, con liberdade e responsabilidade, en diálogo coa antropoloxía cristiá. Responde á necesidade de comprender e mellorar a nosa tradición cultural, as súas expresións e significado, en contextos plurais e diversos. Complementa a educación en valores humanos e cristiás que orienta unha identidade persoal autónoma, asertiva e a súa inserción nas contornas comunitarias de pertenza. O currículo da ensinanza da relixión católica constitúe unha síntese básica e global da mensaxe cristiá, axeitada á idade do alumno, ás esixencias epistemolóxicas da materia, ás expresións culturais da contorna e ás demandas didácticas do sistema educativo. Enmárcase no contexto histórico e social, inclúe parte do acervo cultural e artístico que emana da fe católica e doutras confesións e posibilita o análise comparado dos contidos en diálogo coa cultura do noso tempo.

A síntese da mensaxe cristiá, presentada no currículo, fundamenta e motiva valores e actitudes así como favorece hábitos de comportamento. Preténdese que o alumno/a adquira as competencias axeitadas á súa idade no tempo de cada etapa. Non pode existir unha formación integral, e polo tanto, unha educación de calidade, se non se desenvolven todas as capacidades do ser humano, entre as que se atopa a capacidade transcendente. Esta capacidade básica adquire o seu cumprimento na procura do sentido da vida. Enraizada no máis profundo do ser, o alumno vai descubríndoa (tendo en conta os niveis de aprendizaxe propios de cada idade) nos símbolos e signos da contorna, no progreso e humanización da persoa, na linguaxe narrativa da Biblia, nos modelos cristiáns e, particularmente, na persoa de Xesucristo e a súa presenza na comunidade cristiá.

Neste contexto, tomando sempre ao alumno e alumna (coas súas características evolutiva, as súas circunstancias persoais, o seu distinto nivel de aprendizaxe, coas súas diferenzas e necesidades) como soporte fundamental intentamos facer unha síntese básica e global da mensaxe cristiá, axeitada ao alumnado, ás esixencias da materia, ás expresións culturais e ás demandas didácticas do sistema educativo.

Na planificación da programación seguimos:

Resolución do 21 de xuño de 2022, pola que se publican os currículos das ensinanzas de Relixión Católica correspondente a Educación Infantil e Educación Primaria.

Real Decreto 157/2022, 1 de marzo, establece a ordenación e ensinanzas mínimas da Educación Primaria, indica que as ensinanzas de Relixión se incluírán nesta etapa educativa e o currículo será competencia da xerarquía eclesiástica. Decreto 155/2022, 15 de setembro no que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir, identificar e expresar os elementos crave da dignidade e a identidade persoal en situacións vitais próximas, a través de biografías inspiradoras e relatos bíblicos de alcance antropolóxico, para ir conformando a propia identidade e as súas relacións con autonomía, responsabilidade e empatía.	1-3			1-4	1-2-5		2-3	3
OBX2 - Descubrir, recoñecer e estimar a dimensión socioemocional expresada na participación en diferentes estruturas de pertenza, desenvolvendo destrezas e actitudes sociais tendo en conta algúns principios xerais da ética cristiá, para a mellora da convivencia e a sustentabilidade do planeta.	2-5	3	5	3	3	1-2-4	1	
OBX3 - Identificar e interpretar as situacións que prexudican ou melloran a boa convivencia, analizándoas coas claves persoais e sociais da proposta cristiá, para fomentar o crecemento moral, a cooperación cos demais e o desenvolvemento de valores orientados ao ben común.	1-5		3	1	3	3-4	1	3
OBX4 - Comprender e admirar o patrimonio cultural nalgunhas das súas expresións máis significativas, gozando da súa contemplación, analizando o universo simbólico e vital que transmiten, para valorar a propia identidade cultural, promover o diálogo intercultural e xerar creacións artísticas.	4	3		2-3		3		1-2-4
OBX5 - Explorar, desenvolver e apreciar a propia interioridade e experiencia espiritual, recoñecendo nas propias emocións, afectos, símbolos e crenzas, coñecendo a experiencia de personaxes relevantes da tradición xudeu cristián e doutras relixións, para favorecer o autoconhecimento persoal, entender as vivencias dos outros e promover o diálogo e o respecto entre as diferentes tradicións relixiosas.	1				1-3-5	3	2	1-3
OBX6 - Comprender os contidos básicos do cristianismo, valorando a súa contribución á sociedade, para dispoñer dunha síntese persoal que permita dialogar, desde a propia identidade social e cultural, con outras tradicións relixiosas e áreas de coñecemento.	2-3		4	1	4-5	1-4	3	1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O desexo do Ben: o amor en acción	O relato da creación. Creados para amar.	15	5	X		
2	A Alianza: Deus escolle un pobo	Abraham. Moeses.	10	5	X		
3	A Biblia	A orixe da Biblia, a súa estrutura. Distintos tipos de linguaxes da Biblia	15	5	X		
4	O encontro con Xesús	Os signos, os milagres e as parábolas de Xesús	20	5		X	
5	Xesús vive: Resurrección e Eucaristía.	Significado da Pascua e da Eucaristía.	20	5		X	
6	A Igrexa: unha gran casa	A orixe da Igrexa Un só corpo A misión da Igrexa Membros (estrutura) Igrexa e Eucaristía	20	10			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O desexo do Ben: o amor en acción	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar os principios e virtudes que promoven e respectan a dignidade de todas as persoas, reflexionando sobre experiencias persoais e de aula, desenvolvendo autonomía, xuízo crítico e responsabilidade.	Identifica os principios e virtudes que promoven e respectan a dignidade de todas as persoas	PE	70
CA1.3 - Promover actitudes que impulsen a mellora da convivencia e o coidado do planeta, coñecendo e aplicando algúns principios da ética cristiá, plasmando as súas conclusións en diferentes soportes.	Aplica algúns principios da ética cristiá que impulsen a mellora da convivencia e o coidado do planeta.		
CA1.5 - Reflexionar sobre algúns principios xerais da ética cristiá, coñecendo a súa realización en biografías significativas e movementos sociais, descubrinto como poden ser postos en práctica nas nosas contornas sociais próximas e virtuais.	Identifica en biografías e movementos sociais principios éticos que fomenten o diálogo, a responsabilidade e a axuda aos máis necesitados.	TI	30

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - A dignidade humana, a igualdade e a diferenza entre as persoas. - A responsabilidade persoal e social desde o punto de vista cristián. - Valoración da dimensión espiritual e relixiosa nun mesmo e nos demais. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común. - A visión cristiá da interdependencia, eco-dependencia e interrelación. - Análise de situacións próximas de vulnerabilidade e deseño de propostas transformadoras aplicando os principios da ética cristiá. - A responsabilidade e o respecto no uso dos medios de comunicación e as redes sociais. - Pensamento crítico e ético para a convivencia democrática. - Establecemento dun primeiro diálogo fe e ciencia, desde o respecto, a curiosidade e escóitaa.

UD	Título da UD	Duración
2	A Alianza: Deus escolle un pobo	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.8 - Recoñecer e apreciar, desde a propia identidade cultural, a pluralidade de tradicións e expresións presentes no contexto social, promovendo o respecto e o coñecemento mutuo que favorece o encontro e o diálogo intercultural.	Identificar obras de arte, composicións musicais e construcións arquitectónicas representativas do cristianismo	PE	50
CA1.9 - Asumir o desenvolvemento da interioridade como un dos elementos fundamentais na construción do propio sistema de valores e crenzas, mediante a análise e a reflexión de textos bíblicos e doutras tradicións relixiosas.	Extrae a mensaxe dos relatos da Alianza.		
CA1.2 - Expresar con autonomía a través de diversas linguaxes comunicativas a identidade persoal recoñecendo, desde a visión cristiá, a singularidade de todas as persoas, desenvolvendo empatía e valorando a pluralidade.	Desenvolver a capacidade de empatía en situacións próximas.	TI	50
CA1.10 - Valorar a experiencia relixiosa como desenvolvemento persoal e social da dimensión espiritual, interpretando e respectando o relixioso na pluralidade de culturas e promovendo o diálogo interrelixioso.	Comprende a importancia de respectar ás diferentes confesións relixiosas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.
- Obras de arte, composicións musicais, e construcións arquitectónicas representativas do cristianismo, comparadas coas doutras culturas e relixións.

UD	Título da UD	Duración
3	A Biblia	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.9 - Asumir o desenvolvemento da interioridade como un dos elementos fundamentais na construción do propio sistema de valores e crenzas, mediante a análise e a reflexión de textos bíblicos e doutras tradicións relixiosas.	Identifica a valía dalgunhas mulleres na Biblia a través dos textos bíblicos.	PE	40
CA1.11 - Comprender as consecuencias éticas e morais, persoais e sociais, da mensaxe de Xesucristo para a construción do propio sistema de valores e crenzas e para a promoción do ben común.	Recoñece en biografías e textos relixiosos a mensaxe ética de Xesús.	TI	60
CA1.12 - Coñecer o Credo da fe cristiá, poñéndoo en diálogo con outras áreas de coñecemento científico e cultural e con outras relixións.	Identifica frases do Credo da fe cristiá		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.
- Recoñecemento do papel das mulleres na Biblia e na historia da Igrexa.
- Reflexión e análise sobre as experiencias relixiosas narradas en diversos relatos bíblicos ou recollidas en biografías significativas.

UD	Título da UD	Duración
4	O encontro con Xesús	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.11 - Comprender as consecuencias éticas e morais, persoais e sociais, da mensaxe de Xesucristo para a construción do propio sistema de valores e crenzas e para a promoción do ben común.	Coñecer a mensaxe das Benaventuranzas e a súa relación coa construción do Reino de Deus.	PE	50
CA1.1 - Identificar os principios e virtudes que promoven e respectan a dignidade de todas as persoas, reflexionando sobre experiencias persoais e de aula, desenvolvendo autonomía, xuízo crítico e responsabilidade.	Relacionar o Mandamento do Amor coas súas experiencias próximas (familia, amigos, aula).	TI	50

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - A dignidade humana, a igualdade e a diferenza entre as persoas. - Situacións vitais que expoñen preguntas existenciais ou morais para a persoa. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - A relación de Xesús co seu Pai e co Espírito: Divos Trindade. - A preferencia de Xesucristo polas persoas marxinadas. - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común. - O mandamento do amor como raíz da ética cristiá e compromiso co ben común. - Valores propios do Evanxeo: as benaventuranzas e o Reino de Deus.

UD	Título da UD	Duración
5	Xesús vive: Resurrección e Eucaristía.	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.11 - Comprender as consecuencias éticas e morais, persoais e sociais, da mensaxe de Xesucristo para a construción do propio sistema de valores e crenzas e para a promoción do ben común.	Comprender como a mensaxe de Xesucristo e a súa relación co Pai contribúe á promoción do ben común	PE	50
CA1.8 - Recoñecer e apreciar, desde a propia identidade cultural, a pluralidade de tradicións e expresións presentes no contexto social, promovendo o respecto e o coñecemento mutuo que favorece o encontro e o diálogo intercultural.	Identificar algúns rasgos (ritos, festas, sacramentos...) da pluralidade de tradicións e expresións presentes na súa contorna.	TI	50

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - Expresión, en diversas linguaxes da propia vivencia persoal, ao redor das festividades, tradicións e celebracións relixiosas. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - Ritos, tradicións e festas de diversas relixións en torno ao nacemento, o matrimonio e a morte, explicitando a achega do cristianismo. - A relación de Xesús co seu Pai e co Espírito: Divos Trindade. - A paixón, morte e resurrección de Xesús e a celebración da Pascua na Igrexa. - A vida cristiá e a celebración dos sacramentos.

UD	Título da UD	Duración
6	A Igrexa: unha gran casa	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Reflexionar sobre algúns principios xerais da ética cristiá, coñecendo a súa realización en biografías significativas e movementos sociais, descubriendo como poden ser postos en práctica nas nosas contornas sociais próximas e virtuais.	Extraer de algunhas biografías (incluída a de María) e movementos sociais, principios e modos de actuación que pode trasladar á súa propia práctica.	PE	50
CA1.6 - Cooperar activamente na construción dunha convivencia pacífica e democrática recoñecendo, en iniciativas e proxectos eclesiais, aqueles valores morais que promoven o ben común.	Recoñecer en iniciativas e proxectos eclesiais algúns valores morais que promoven os Dereitos Humanos e o ben común		
CA1.7 - Comprender e valorar como o patrimonio relixioso cristián contribúe á construción da identidade das persoas e dos pobos, e inspira a expresión da propia vivencia persoal e social a través de diversas linguaxes.	Identifica como algúns elementos do patrimonio relixioso cristián (obras de arte, música, ritos...) contribúe á construción da identidade das persoas e dos pobos.		
CA1.12 - Coñecer o Credo da fe cristiá, poñéndoo en diálogo con outras áreas de coñecemento científico e cultural e con outras relixións.	Coñecer os dous Credos da fe cristiá.		
CA1.4 - Participar en accións solidarias e de servizo á comunidade, recoñecendo aqueles grupos sociais máis vulnerables, tendo en conta como Xesucristo cambiou a súa realidade e as consecuencias que iso tivo para a historia da humanidade.	Identifica grupos sociais vulnerables e nomear como pode axudar dentro das súas posibilidades.	TI	50
CA1.8 - Recoñecer e apreciar, desde a propia identidade cultural, a pluralidade de tradicións e expresións presentes no contexto social, promovendo o respecto e o coñecemento mutuo que favorece o encontro e o diálogo intercultural.	Respectar a pluralidade de tradicións e expresións presentes na contorna.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.10 - Valorar a experiencia relixiosa como desenvolvemento persoal e social da dimensión espiritual, interpretando e respectando o relixioso na pluralidade de culturas e promovendo o diálogo interrelixioso.	Valorar a pluralidade de culturas e de confesións relixiosas como riqueza para o crecemento persoal e social.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - Os dereitos humanos en diálogo coa visión cristiá. - A responsabilidade persoal e social desde o punto de vista cristián. - A influencia das accións individuais na transformación social á luz da ética cristiá. - Valoración da dimensión espiritual e relixiosa nun mesmo e nos demais. - Expresión, en diversas linguaxes da propia vivencia persoal, ao redor das festividades, tradicións e celebracións relixiosas. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - Ritos, tradicións e festas de diversas relixións en torno ao nacemento, o matrimonio e a morte, explicitando a achega do cristianismo. - Obras de arte, composicións musicais, e construcións arquitectónicas representativas do cristianismo, comparadas coas doutras culturas e relixións. - A preferencia de Xesucristo polas persoas marxinalizadas. - O Credo da Igrexa católica. - A vida cristiá e a celebración dos sacramentos. - María, modelo de crente. - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común. - Compromiso e transformación social na acción da Igrexa. - Aprecio do diálogo intercultural e interrelixioso para unha convivencia pacífica e democrática.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Partindo das experiencias do neno e da nena, co coñecemento que nos aporta a avaliación e a observación diaria, impulsaremos unha aprendizaxe individualizada. A través de preguntas colectivas, enquisas individuais... achegarémonos ao nivel do alumno para saber en cada situación o nivel de arranque, de desenvolvemento e a súa motivación (intereses, demandas, necesidades e expectativas). Tendo en conta o dito xunto coa idade do alumnado confrontaremos as súas experiencias coa mensaxe cristiá. Insertaremos historias e pasaxes da Biblia, situacións da vida cotiá, contos, narracións que se aproximen ás idades dos nenos e das nenas e adaptaremos a elección do tema á súa problemática, interese e realidade. Entendendo sempre que a metodoloxía será activa (na procura da integración do neno na configuración da aprendizaxe e tendo en conta a súa participación no deseño do proceso de ensino e aprendizaxe) polo que variará e se adaptará ao nivel de coñecementos e evolución dos protagonistas, que son os nenos e as nenas, así como terá en consideración as competencias que pretendemos sexan adquiridas.

Intentando asegurar aprendizaxes construtivos e significativos así como favorecer a aprendizaxe autónoma. Na procura do anteriormente citado e potenciando a creatividade do alumnado traballaremos de xeito individualizado, en gran grupo ou, en ocasións, en medio ou pequeno grupo. Faremos unha gradación das actividades, estas serán diversas e porase énfase na consecución das competencias, entendendo estas como o elemento guía (como por exemplo a metodoloxía a usas tendo en conta a autonomía e a iniciativa do alumno, as súas motivacións a nivel persoal, social ou cultural, a súa interacción co medio social, ten presente a competencia lingüística á hora de expoñer as unidades e procura a adquisición de novo vocabulario...). Intentaremos chegar á aprendizaxe a través do xogo e de maneira lúdica. O traballo será individualizado e cooperativo.

Os plantexamentos metodolóxicos da área fundaméntanse segundo a C.E.E.: atención personalizada ao alumnado, diversidade de actividades, estratexias, recursos e outros métodos didácticos, coidado do desenvolvemento emocional e cognitivo do alumnado respectando o seu ritmo evolutivo, aprendizaxe individualizado e cooperativo, na relación co entorno, enfoque competencial orientado á acción, o emprendemento e a aplicación dos saberes. Terase en conta as condicións persoais, sociais e culturais dos nenos e das nenas para detectar necesidades e propoñer accións de reforzo ou ampliación flexibilizando os procesos e garantindo a inclusión.

Tendo en conta o nivel de desenvolvemento psicoevolutivo do alumno/a, e do seu nivel de coñecemento imos na procura dunha construción de aprendizaxes significativos para que poida relacionar os novos contidos cos coñecementos que xa posúe, pretendemos potenciar a súa autonomía na súa aprendizaxe, chegar a aprender a aprender. A selección de contidos, unha metodoloxía activa que favoreza a adquisición das competencias básicas, a individualización e atendendo as circunstancias particulares do alumnado e unha carga de motivación, ambiente lúdico e afectividade, dando ao neno ou nena un espazo relaxado, familiar e seguro axudarannos neste proceso.

Imos na procura de que o neno e nena sexan os protagonistas:

Partir da experiencia do alumno e da súa realidade persoal, familiar, social e cultural,

Espertar a curiosidade,

Identificar e formular as cuestións que suscitan estas situacións,

Buscar, analizar e contrastar as experiencias coas fontes bíblicas, patrimonio artístico e outras referencias eclesiais,

Elabora respostas persoais e sociais dende a liberdade individual con pleno respecto as ideas alleas, contrastadas cos principios éticos do cristianismo,

Dialogar con outras visións, para a construción da convivencia e do ben común,

Comunicar con asertividade e empatía ideas e crenzas con creatividade en diversas linguaxes;

Aplicar este proceso formativo na construción da identidade persoal como preparación para toda a vida,

Promover o pensamento autónomo a través da escoita e comprensión de relatos bíblicos, contos e representacións artísticas da mensaxe cristiá.

Pretendemos que o neno e nena adquiran hábitos e valores necesarios para a súa vida, non só pensando no seu crecemento persoal senón tamén no seu desenvolvemento social e na súa relación coa contorna.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Edixgal
A Biblia
Outros libros sagrados
Obxectos relixiosos. Símbolos sagrados das diferentes confesións relixiosas
Diferentes libros presentes na aula: libros de lectura e exposición, contos, cómics, revistas, xornais
Recursos informáticos. Webs CD audio con cancións e relatos. CD historias bíblicas ou morais. Historias das diferentes confesións relixiosas

- Murais, láminas, cadros, mapas...
- Material de refugallo
- Elaboración de libros propios, carpeta
Xogos da área de relixión
- Fichas. Fichas do profesor con actividades de reforzo, ampliación e avaliación.
- Pantalla dixital

Seguindo a pedagogía de Xesús o emprego de todos os recursos propios da comunicación interpersoal, como a palabra, o silencio, a metáfora, a imaxe, os exemplos, os signos... Isto require unha procura de recursos axeitados para a transmisión real da súa mensaxe.

O material a usar é flexible e aberto, cambiará axustándose ás necesidades pedagóxicas e a accesibilidade aos recursos segundo o momento. Na educación infantil non usamos libro de texto polo que empregaremos láminas con lecturas, debuxos ou contos que nos introducen nas unidades a desenvolver

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A importancia da avaliación inicial é patente, así xa se coñeza ao alumnado de cursos anteriores, pois o seu nivel evolutivo, o grado de coñecementos e de compromiso coa ensinanza-aprendizaxe varía.

Dende a segunda ou terceira semana do primeiro trimestre (en atención ao horario da área) realizaremos diversas probas de xeito oral: probas de xeito oral ou escrito: probas obxectivas con preguntas e resposta que poden ser formato tipo test, ou de completar palabras ou establecer si as afirmacións dadas son verdadeiras ou falsas; exercicios de unir, riscar, relacionar, enquisas orais...

As probas escritas serán corrixidas polo propio alumno/ (para comprobar a importancia da orde e a limpeza á hora de entender a grafía, a responsabilidade de puntuar...) e posteriormente serán revisadas pola mestra.

Con estes instrumentos pretendemos non só saber que lembran do curso anterior, senón tamén achegarnos ao seu nivel de coñecementos, valorar o nivel de competencia curricular, apreciar os seus intereses e motivacións, diferenciar os seus hábitos de traballo e de conduta... A información aportada pola avaliación inicial terase en conta á hora de elaborar a presente programación

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	15	10	15	20	20	20	100
Proba escrita	70	50	40	50	50	50	52
Táboa de indicadores	30	50	60	50	50	50	48

Criterios de cualificación:

Relixión Católica TotalProg.

Unidade didáctica UD1 UD2 UD3 UD4 UD5 UD6 Total UA

Peso UD/Tipo Ins. 15% 10% 15% 20% 20% 20% 100 100

Proba escrita 70 50 40 50 50 50 52 52

Táboa de indicadores 30 50 60 50 50 50 48 48

Entendemos a avaliación coma un elemento que permite recoller en cada momento, a información necesaria para poder tomar decisións respecto ao proceso de Ensinanza-aprendizaxe. Polo tanto, débese entender ao longo de todo o proceso educativo de forma global indicándonos qué obxectivos e competencias se conseguen e cales non, sabendo onde, como, cando e por qué se producen os problemas. Intentamos que a avaliación cumpra todas as funcións de diagnóstico, pronóstico, adaptación, orientación e control.

Procedementos e instrumentos que utilizaremos para avaliar ao alumnado:

1. Observación diaria.
2. Análise dos traballos dos alumnos e alumnas (carpeta, outros traballos...)
3. Actividades orais (diálogo, debates, entrevistas)
4. Probas específicas (obxectivas, tanto de xeito oral coma escrito)

A información acadada axudaranos a avaliar todo o proceso de ensinanza, a propia programación e a nosa función docente. Pretendemos que a avaliación nos informe de como se van adquirindo e desenvolvendo as capacidades previstas, que sexa un proceso continuado e atenda ás diferenzas, para que proporcionando datos de todos os participantes no proceso educativo: alumnado, docente, deseño e desenvolvemento curricular... poidamos axustar e realizar os cambios precisos.

Prima a observación diaria do traballo e do desenvolvemento do alumno así como o control do traballo feito, ademais do control dos traballos realizados faranse fichas dispostas para a avaliación, aos controis orais e escritos elaborados pola mestra sumaranse a valoración dos traballos específicos feitos polo alumnado. Á hora de cualificar non só temos en conta o dominio das unidades didácticas senón a actitude do alumno, non limitando este apartado á consecución de hábitos e normas de convivencia, de compromiso, de superación, é dicir, referirémonos ao amplo ámbito que abarca o feito de acadar as competencias, á súa formación como persoa.

Na avaliación do alumno teranse en conta varios aspectos: os coñecementos adquiridos, o traballo diario e as actitudes.

INSTRUMENTOS %

O OBSERVACIÓN

Proba específica e obxectiva

Os obxectivos propostos 50

Probas orais

Os obxectivos propostos, escoita, respecto 10

Atención

Comprensión

Ficheiro, carpeta

Outros exercicios, traballo diario

Coida o material, esforzo, ritmo de realización 20

Criterios de recuperación:

A través da avaliación detectaremos as situacións que precisan reforzo. Retomaranse os modos de avaliación citados para comprobar o nivel de adquisición.

6. Medidas de atención á diversidade

No artigo 75 da LOMLOE indicase a necesidade de actuar baixo o prisma da inclusión e a atención á diversidade en todos os ámbitos educativos.

O principio de heteroxeneidade comporta a existencia de distintos ritmos e niveis de aprendizaxe nunha mesma clase polo que o respecto e a atención á diversidade son fundamentais. A finalidade de atender á diversidade é garantir un axeitado desenvolvemento do alumnado en función das súas necesidades educativas.

Para atender ás características persoais e grupais do alumnado debemos achegarnos a súa realidade e á do centro, así como ao contexto sociocultural no que vive e no que se atopa o colexio. O exposto na programación é suficientemente amplo e flexible para poder ter en conta a individualidade de cada neno e nena, e cada grupo. A través dos materiais e recursos, así como da temporalidade teremos en conta as características concretas ante as que nos enfrontamos; ampliaremos ou reforzaremos de xeito individual ou colectivo aqueles aspectos que consideramos fundamentais. En especial terase en conta o nivel evolutivo do alumnado con necesidades educativas especiais.

Coordinarémonos co mestre titor/a no afán de continuidade na labor educativa e seguiremos as indicacións feitas polo equipo de orientación.

Dentro das medidas para a inclusión e a atención á diversidade faremos fincapé en:

A atención ás dificultades e potencialidades do alumno/a e do grupo

A atención ás necesidades individuais

Intentar minimizar as dificultades con recursos e estratexias para atender as necesidades individuais

Ao comezo do curso realizarase unha proba de avaliación inicial que permitirá detectar se hai alumnado con necesidades específicas de apoio educativo

Ao longo das unidades didácticas atenderase á diversidade de todo o alumnado propoñendo actividades non discriminatorias, métodos de carácter compensador, actividades variadas para os diferentes ritmos de aprendizaxe, instrumentos de avaliación flexibles, ou valores que inclúan a pluralidade do alumnado.

Plantéxanse actividades moi sinxelas, mais manipulativas e visuais para aquel alumnado que teña un ritmo de aprendizaxe máis lento ou que amose dificultades concretas nalgún contido. Tamén se propoñen actividades máis complexas para aquel alumnado que teña un maior ritmo de aprendizaxe ou que posúa aptitudes para ampliar certos contidos.

Para os alumnos con altas capacidades intelectuais ou condicións extraordinarias para a materia facilitarase unhas actividades de ampliación, así como tarefas voluntarias.

Todas as materias teñen en conta a individualidade do alumnado pero en especial a nosa área, polas propias características, o ten moi presente considerando un principio básico o ter en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe, así como os distintos intereses e motivacións: en todas as unidades programadas hai un apartado con actividades específicas de ampliación ou reforzo nas que segundo a temática inténtase a través das tarefas que van dende elaborar listados, facer manifestos, relacionar e unir, riscar, rodear, crebacabezas, visionado de imaxes, uso das tic... que o neno ou nena consiga reforzar ou ampliar o tratado na procura da consecución das competencias.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Educación moral e cívica	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Educación para a Paz	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Educación non sexista	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Educación para a igualdade de oportunidades.	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Educación para a saúde.	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Educación ambiental	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación do consumidor	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Educación para a utilización responsable do tempo libre e de lecer.	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Fomento do espírito científico	X	X	X	X	X	X
ET.11 - Fomento da creatividade.	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Competencia dixital.	X	X	X	X	X	X
ET.13 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.14 - Comprensión da lectura.	X	X	X	X	X	X

Observacións:

Os temas terán unha presenza diacrónica ao longo do currículo e non exclusivamente sincrónica. A ensinanza relixiosa entróncase na súa esencia de aprendizaxe, con diversos temas encadrados en transversais:

Educación moral e cívica: adquisición de comportamentos para unha boa convivencia, valorar o coidado e amor á familia, aos compañeiros/as e amigos/as para logo proxectalo a todo ser humano, o respecto a outras crenzas e relixións, costumes, valoración das iniciativas solidarias, admiración pola labor humanitaria, participación responsable na aula.

Educación para a Paz: conseguir reaccións próximas: non pelexar, debater pacificamente ata conseguir sentimentos de tolerancia, comprensión, respecto aos demais, chegando a ser samaritanos do século XXI: interese por participar en accións concretas que melloran a relación cos demais, respecto polos Dereitos Humanos, polo feito relixioso, o amor como pauta de comportamento.

Educación non sexista: na procura dunha actitude de respecto cara ao propio corpo e cara aos demais eliminando a discriminación en razón do xénero, estudaremos as mulleres da Biblia, o respecto á dignidade, a identificación de situacións de marxinação. Emprego dunha linguaxe non sexista.

Educación para a igualdade de oportunidades: independentemente do xénero e das situacións económicas e sociais.

Educación para a saúde: coidado e respecto como valores máximos, aprecio e admiración pola actitude ante a enfermidade.

Educación ambiental: descubrimento e afianzamento da interrelación. Natureza-ser humano, entender a responsabilidade da persoa na súa protección e explotación (a recollida selectiva de lixo, os alimentos naturais), admiración pola beleza da Creación e o seu coidado e respecto.

Educación do consumidor: actitude crítica ante o consumismo (en especial no Nadal e en cuestións sobre as marcas e as modas), aprecio e admiración pola actitude solidaria e cooperativa, aprecio dos valores non-consumistas, valoración do non-material.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Magosto	Colaboración co Equipo de Dinamización, dende a área de relixión traballaremos a recollida dos froitos de outono	X		
Samaín	Colaboración co Equipo de Dinamización, traballaremos a Santa Compañía	X		
25N	Traballaremos en pro da igualdade, condutas non sexistas e o tema da violencia de xénero	X		
Nadal	Traballar o sentido crítico ante o consumismo desmesurado no Nadal, e a favor de recuperar o verdadeiro sentido de esta festa cristiá	X		
Día da Paz	Traballar en pro dunha convivencia pacífica. Colaboración co Equipo de convivencia		X	
Día da Muller	Estudiaremos as mulleres na Biblia. Identificación de situacións de discriminación por cuestión de xénero.		X	
Semana Santa	A Paixón e Morte de Xesús, facendo fincapé na Resurrección. Elaborar un paso de Semana Santa entre todos		X	
Os Maios	Colaboración co Equipo de Dinamización e co Equipo de Biblioteca			X
Letras Galegas	Colaboración co Equipo de Dinamización e co Equipo de Biblioteca			X

Observacións:

No caso de ser posible a súa realización, a área queda aberta a charlas e visitas dentro ou fora da aula, de persoas e organizacións que aporten vivencias e experiencias acordes á programación do curso, do mesmo xeito queda aberta á participación en actividades (concursos, visitas a exposicións ou monumentos, rutas pola cidade...) propostas pola mestra, polos equipos docentes ou diferentes organismos ou organizacións alleas ao colexio que se axusten didacticamente ao programado.

Participarase nas actividades propostas polos distintos equipos (dinamización, biblioteca, convivencia...) de diversas maneiras segundo a temática, como exemplo: no Nadal recollendo panxoliñas e tradicións galegas; no Samaín tratando a Santa Compañía, no Día escolar pola Paz con murais e manifestos, dramatizando poesías, aprendendo cancións...

As actividades complementarias da área axústanse aos cambios de tempo litúrxico, momentos nos que se farán diferentes tarefas que rompen o ritmo habitual da aula segundo o curso e o ciclo litúrxico: investigacións, elaboración de manualidades...

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Proceso de ensino/aprendizaxe
Metodoloxía empregada
Avaliación do proceso de ensino/aprendizaxe
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Dedicación ao centro

Descrición:

A escala de valoración dos elementos será a seguinte:

- desempeño nulo 0
- desempeño insuficiente 1
- desempeño básico 2
- desempeño competencial 3
- desempeño excelente 4

Proceso de ensino / aprendizaxe:

Participo activamente na elaboración da programación didáctica.

A programación de aula está concretada tendo en conta as características do grupo.

Na programación recóllense os estándares de aprendizaxe que debe adquirir o alumnado con cada unidade didáctica / tarefa / descontextualizadas.

Planifico diariamente as actividades.

Presento as actividades de maneira que o alumnado as comprenda.

Propoño actividades que resulten significativas para o alumnado.

Integro as tecnoloxías da información e da comunicación na miña práctica docente.

Consigo que o alumnado manteña unha boa dinámica de aprendizaxe.

O clima de aula é bo.

Trato con atención e respecto a todo o alumnado.

Existen unhas normas claras na aula, en cuxa elaboración participou o alumnado.

Favorezo a autoestima do alumnado.

Utilizo unha metodoloxía axeitada ás características do alumnado con NEAE.
Utilizo recursos e materiais variados.

Avaliación do proceso de ensino / aprendizaxe:

Realizo unha avaliación inicial a todo o alumnado.

Os criterios de avaliación, estándares e criterios de cualificación son claros e obxectivos.

Rexistro as observacións realizadas nas distintas etapas do proceso de avaliación (corrección dos traballos, probas, dificultades e logros do alumnado...).

Cando se detectan erros nas actividades do alumnado, explícaselle onde está o erro e como facelo ben.

A avaliación do alumnado serve para orientar o proceso de aprendizaxe.

Dedicación ao centro:

Realizo propostas para a elaboración dos documentos do centro.

Participo activamente na redacción da programación didáctica.

Participo activamente na redacción da memoria final.

Propoño e organizo actividades complementarias axeitadas ao currículo.

Favorezo a integración do alumnado dentro do grupo/clase.

Reacciono de forma axeitada ante situacións inesperadas ou conflictivas.

Realizo un seguimento do absentismo do alumnado.

Amoso disposición para atender as necesidades do centro.

Facilito as familias os criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e criterios de cualificación.

Participo nos plans de formación do centro.

Desempeño as miñas funcións baixo un criterio de profesionalidade e código deontolóxico.

Inicio e finalizo con puntualidade as clases.

Entrego en prazo os documentos requiridos polo centro.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Revisión constante da programación e da actividade docente na procura de melloras (adaptación ás necesidades e ao nivel evolutivo do alumno e alumna).

9. Outros apartados